

RAPILÁN

C.P.I. RAMÓN PIÑEIRO
POBRA DE SAN XIAO
ANO XXVI- N^o 45

2008





Xermola a semente,
paseniño,
nos agros insondables
do útero materno;
na terra
amorosamente abonada
polos soños infindos
do eterno...
Chega, ao fin, a hora
de seiturar o centeo!
A colleita foi boa:
o gran é farturento!
É preciso erguer as medas,
subir a palla ao palleiro;
compre limpar o gran,
amorealo con xeito...
Hai que levalo ao muiño
e tratar co muiñeiro;
e separar o salvado
cando as augas do caneiro
fagan xirar o rodicio

Teredes branca fariña:
amasádea co formento
que gardan con agarimo
as xeracións dos anterros.
Haille que engadir auga,
o sal do mar dos desvelos,
roxar fornos de paciencia
na pubertade dos egos...
Só así se cocerá
un bolo fermoso e tenro:
dourado como as espigas,
flexible coma o centeo,
doce coma esta terra,
ergueito coma os galegos...

Benvidos á cofradía,
ao gremio dos
"paisnadeiros"!

ÍNDICE

1

REPORTAXES

INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA

10

23

VIAXES

ENTREVISTAS

28

32

DEPORTES

LETRAS GALEGAS

36

37

CONTOS

DEBUXOS

43

48


MÚSICA

CINÉMATHEQUE

51

56

PASATEMPOS





Emprego... en Láncara



Vamos a falar sobre a situación do emprego en Láncara e Lugo. Os datos que analizamos atopámoslos na páxina web da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia e fan referencia ao ano 2007.

Os traballos máis ofertados en Láncara son: albaneis e canteiros, dependentes en tendas e carpinteiros. En Lugo os máis ofertados son dependentes de tendas, camareiros, mecanógrafos e representantes de comercio e técnicos de venta. A maioría destas ofertas de traballo non requiren ningún nivel académico. O título académico máis solicitado é o certificado de escolaridade e o de FP.

O perfil do traballador máis buscado polas empresas en Láncara son homes de 25 a 34 anos. As actividades nas que máis se contrata son as sanitarias, as veterinarias e os servizos sociais.

Por sexos, a ocupación máis contratada no ámbito feminino é a de dependentas de tendas, e dos homes é a de peóns de construcións.



No referente o tipo de contrato o máis empregado, tanto en Láncara como en Lugo, é o temporal. En Láncara a maioría dos traballadores autónomos, un 34.29%, deciden montar un negocio relacionado coa reparación de coches, as seguintes actividades a que se dedican son a construción, a hostalería e a agricultura.

En Láncara máis da metade (51.43%) dos traballadores en xeral dedícanse á agricultura, gandería e silvicultura, e un 17.81% dedícase a industria manufactureira.

Respecto ao **PARO** en Láncara o perfil xeral do parado é unha muller de 50 a 54 anos, con estudos de primaria e que busca traballo como persoal de limpeza. O home parado busca traballo como peón de construción.

En xeral o maior número de parados só teñen cursado estudos ata a ESO. O paro das mulleres en Láncara diminúe canto máis estudos teñen.

CONCLUSIÓN

A nós parécenos ben que a maioría dos traballos en Láncara non requiren ningunha titulación académica porque hai moitos rapaces que non queren estudar.

No referente ao reparto dos traballos entre homes e mulleres parécenos moi mal que as mulleres teñan que limpar e os homes que traballar de peóns de obra. Os homes tamén teñen que responsabilizarse das tarefas das casas e as mulleres tamén deberían poder traballar en empregos considerados como masculinos.

Tampouco nos parece ben que o maior número de parados sexan mulleres.

Vendo a situación cremos que vamos a ter que ir a buscar traballo a outros concellos.

Para o futuro gustaríanos que houbera máis traballo para as mulleres e máis igualdade entre sexos. Queremos que se desenrolen proxectos que nos ofrezan novas posibilidades. Os sectores polos que se deben apostar son os de agricultura, gandería e enerxías renovables. Deberíase apoiar ao pequeno gandeiro intentando baixar o prezo dos cereais, dos fertilizantes... dos custos en xeral, que nos últimos meses sufriron unha gran subida.

Andrea Rodriguez Lourés

Tamara Alvarez Parga 3ºESO A

Láncara... en internet

Buscamos en google empresas de Láncara que teñen páxinas web e encontramos unhas cantas. O que máis nos chamou a atención foi a facilidade para navegar polas páxinas e as imaxes. Parécenos moi interesante tamén que algunhas empresas oferten traballos a través da rede.

Destacamos pola súa calidade: "SARRIA DE NOITE", "CPI. RAMÓN PIÑEIRO", "FONTE/CELTA" e "LEITE RIO". Vamos a falar un pouco de cada unha delas.

SARRIA DE NOITE

A súa páxina web é www.sarriadenoches.com. O máis chamativo desta páxina é a extensa galería de fotos sobre a vida nocturna de Sarria. Nesta páxina teñen publicidade todos os pubs de Sarria. Está ben ordeada e atópanse ben as cousas. Tamén ten anuncios de traballo de reporteros fotográficos, animadores, etc.

[SARRIADENOCHES.COM](http://www.sarriadenoches.com)

CPI RAMON PIÑEIRO



A súa páxina web é <http://centros.edu.xunta.es/cpiramonpinheiro>. Nela chamounos a atención a gran información e gran variedade de cousas que podemos encontrar nela, actividades que realiza o colexio, festivais, festas tradicionais, concursos...

Está moi ben deseñada. Ten un menú no cal os alumnos poden entrar con moita facilidade e acceder a centros, alumnos, actividades, profesores, asignaturas... Tamén podemos atopar xogos moi entretidos!

CONCELLO DE LANCARA

A súa páxina web é www.concellodelancara.com

Nela chamounos a atención a información que contén sobre Láncara e sobre algunhas parroquias como San Pedro de Láncara e Armea. Ten moita variedade de imaxes de todo o municipio.

Tamén atopamos información telefónica de diferentes servizos: taxis, policía, bombeiros, panaderías... Nela tamén podemos atopar información metereolóxica actualizada semanalmente.

Dánnos información turística sobre Láncara, aconsellan visitar diferentes rutas, monumentos e recursos naturais.

Dispón de servizos o cidadán nos que dan información sobre aloxamentos, axenda, asociacións, etc.



O BLOG CRIS CREATIVE

La moda de los perritos



A súa dirección é www.cris-creative13.blogspot.com
Unha das alumnas de 6º de primaria do CPI Ramón Piñeiro tamén ten un blog. Esta páxina aconsella sobre beleza e pode axudar moito aos xóvenes . Ten apartados de lóxica cunhas boas adiviñas A páxina comeza cunhas fotos de mulleres con diferentes peinados. Este bloque é coma o seu diario onde fala de contidos de actualidade como o recente eclipse. Tamén aconséllanos sobre os seus programas de televisión favoritos.moi entretidos!

LEITE RIO

A súa páxina web é www.leiterio.com
Atopamos moita información sobre esta empresa, presentación, localización, grupo empresarial, patrocinio, a súa historia e algo que nos gustou moito, a visita virtual.Tamén podemos ver todos os seus produtos e a súa política de calidade. Neste último apartado explícanos o proceso productivo e os controles de calidade. Logo tamén ten outro apartado que contén máis información para poder contactar, as súas noticias, etc



MUEBLES FRANCO

Atopamos a páxina de muebles Franco pero ahora mesmo están diseñando un modelo de páxina máis moderno. Nos tamén cremos que deben mellorar.

FONTECELTA

A súa páxina é www.fontecelta.com.
Ten unha portada moi chamativa, danos información sobre o manantial, sobre a calidade da auga, ten noticias, información para profesionais, contactos, notas legais. E moi pronto poderemos disfrutar dunha visita virtual que aínda está en proceso de construción.



FONTECELTA
10 razones para elegir FONTECELTA
agua mineral natural

Manantial de vida
La calidad por encima de todo
la naturaleza nuestro aliado
Adeptados a los intereses del consumidor
Visita nuestra factoría
Campanas


En un lugar en el que se unen naturaleza e historia, donde el frescor de la lluvia se mezcla con la riqueza de la tierra, fluye el Manantial de Fontecelta.

Situado en un pequeño valle rodeado de montañas, el Manantial de Fontecelta brota de un acuífero confinado a una profundidad de más de 100 metros, dentro de un substrato granítico, lo que garantiza una total pureza química y bacteriológica del agua.

El Manantial de Fontecelta, situado en las proximidades de Céltigos en el Ayuntamiento de Sarria, es declarado de utilidad pública por Real Decreto el 21 de junio de 1903.

El intenso trabajo de investigación y análisis, llevado a cabo a lo largo de estos años ha demostrado que el tiempo recorrido desde el momento de la infiltración del agua de la montaña hasta la llegada al manantial

Os xoguetes esquecidos



O cabaliño de cortiza


Dentro da múltiple fauna doméstica, a máis próxima para os cativos que podían realizar era o cabalo en diferentes materiais.

Cando cegaba as casas algunha botella de viño con rolla de cortiza, os nenos estaban esperando a que se acabara o líquido da botella para apoderarse de tan aprezado tesouro para a súa enxeñería doméstica. Conseguido este, era cuestión de un pouco de tempo porlle catro gizos, aditados coa navalla ou coitelo por un dos extremos e espetarllos a xeito de patas por debaixo de imaxinada barriga. Despois con un outro anaquiño de cortiza, figuraban unha cabeza do animal, púñanlle unha orellas de escarvantes plano e con outro garabullo afiado polos dous extremos, poñíanllo ao corpo e a propia cabeza. E por último, colocábanlle un rabo tamén de pau e quedaba o cabalo preparado para galopar.

Pistola de Millo

Na época do outono, cando se recollía o millo para esfollalo e metelo nos cabazos ou hórreos, era a hora idónea para este invento.

Collíase unha cana seca de millo, despois de sacarlle a espiga, cortábase por un lado a uns 10cm do nó onde se arrinca a espiga e polo outro á altura que cegaba esta, xusto no seu encaixe. Cravábaselle unha variña de vimbio ou toxo verde que se dobra ata a outra punta encaixe nun burato atravesando por un pauño, que facía as funcións de gatillo. Diante deste extremo, no oco, ponse o proxectil ou bala, que podía ser unha faba, millo, elementos todos eles abondoso nas leiras, que ao xirar o pau atravesando despide o extremo do vimbio ou toxo e dispara. Adoitábase facer exercicios de puntería de lanzamento.





A QUE OU A QUEN DEBEN O NOME AS OPERACIÓNS POLICIAIS?

Resulta en ocasións unha verdadeira incógnita, xa que, segundo os mandos policiais, non existe unha persoa concreta que as bautice, simplemente xorden e pónselles un nome específico para diferencialas. Aínda que todos recoñecen que en moitas ocasións o alcume que reciben é curioso e mesmo enxeñoso e acostuma depender da inspiración do momento de cada un.

Boquerón, nécora, ou guateque son só algúns dos enigmáticos nomes cos que a policía designa a operación na que traballa pero, como se deciden os nomes?

A operación **Guateque**, na que hai 37 persoas imputadas polo presunto cobro de comisións no concello de Madrid para axilizar os trámites, debe o seu nome aos donos dos bares de copas que pagaban as comisións.

En España, basta só, ás veces, o enxeño dos axentes para poñerlles nome ás operacións policiais. Porén, en Gran Bretaña, a policía é menos creativa e creou un programa informático que lles asigna nomes ao chou.

Que relación ten un boquerón co roubo de vehículos?

En principio ningunha. Pero resulta que a primeira vila galega onde roubaron uns coches chámase Boqueixón. A un axente soulle a boquerón e quedoulle o nome.

A operación **Cuartel** contra a prostitución chamouse así polo lugar no que se situaba o prostíbulo: un antigo cuartel da garda civil.

E a operación **Malaya**? Pois é a fusión de dous nomes: Málaga e Marbella.

Outra das inspiracións dos axentes para bautizar as súas investigacións é a comida. Un exemplo foi a operación **Nécora**, dirixida polo xuíz da Audiencia Nacional, Baltasar Garzón, e pola que se condenou a 12 anos de cárcere a Laureano Oubiña. O crustáceo máis apreciado de Galicia deulle nome á célebre operación contra o narcotráfico.

No caso das operacións contra o tráfico de drogas, a linguaxe mariñeira adoita ser o recurso máis utilizado polos axentes para denominar as operacións, debido a que boa parte delas se centran en desartellar grupos que actuaron utilizando a vía marítima, ou se desenvolveron en alta mar. Por iso, non é estraño que se empreguen nomes vinculados coa práctica marítima en todos os seus sentidos, como é o caso de **atlántico, camarote, garfio, boquerón, pulpo, delfín, cangrejo, ou grumete**, na que se detivo ao cambadés Xosé Ramón Prado Bugallo, coñecido como Sito Miñanco.

Pero tamén se dá o caso de que deban o seu nome a outros motivos como é o caso da denominada operación **Óscar** que se desenvolveu en 1992 e que se chamou así porque a droga ía oculta en cintas de películas de vídeo.

Porén, os nomes curiosos cos que se bautizaron algunhas destas intervencións non deixa de sorprenden. Por exemplo, a operación **Fitipaldi** debe o seu nome a un longo seguimento do principal sospeitoso...

OPERACIÓN MARMELO

A primeira investigación policial iniciada en España contra o envío de arquivos pornográficos de menores a través de teléfonos móbiles, desenvolvida polo Equipo de Investigación de Delitos Tecnolóxicos da Garda Civil de Navarra, concluíu coa detención de 40 persoas en doce comunidades autónomas acusadas de producir, posuír e distribuír fotografías e vídeos de contido pedófilo, que na súa maioría mostraban a nenos e nenas de menos de dez anos.



Á parte máis anecdótica da operación, curiosamente, débelle o seu nome, xa que segundo explicou o coronel xefe Benito Salcedo, cando os expertos en delincuencia tecnolóxica contactaron de modo encuberto co principal implicado, este requiríulles o envío dunha imaxe pedófila para seguir a comunicación. Nese momento, os axentes enviáronlle a fotografía dun marmelo que, cun filtro especial de iluminación, parecía unha parte da fisionomía humana.

OPERACIÓN POLBO

A Policía Nacional e a Xudicial portuguesa incautáronse de preto de 9,4 toneladas de cocaína que estaba camuflada no interior dun colector frigorífico que contiña 24 toneladas de polbo conxelado que chegara ao porto de Lisboa en decembro, e detivo en Tudela (Navarra) a I.R.V., de 42 anos, veciño de Valverde del Fresno (Cáceres).



OPERACIÓN CHAMPÚ

Neste caso detívose a dous dominicanos e a un español de 17 anos con oito paquetes de estupefacientes que transportaran en bus desde Madrid até Lugo. Metían a droga entre os cosméticos para enganar aos cans policiais. A esta causa débelle o nome de operación Champú.



OPERACIÓN XARDÍN

A Policía Nacional concluíu unha operación contra a piratería audiovisual de sinal de televisión, bautizada como Xardín, e detivo un total de 50 persoas en 15 provincias. Entre eles hai 10 administradores de páxinas web, aínda non identificadas, nas que presuntamente se distribuían programas e claves para defraudar o sinal de televisión dixital.

O nome en clave Xardín é porque para os decodificadores, os firms chámanse flores e cando vendían un deco preparado dicían "co xardín sementado e regado" e o dos null-modem cables é porque se programan os decos con ese cable.

Na operación Asunto veterano un dos principais sospeitosos era un vello coñecido das forzas da orde e por iso ten ese nome.



Na operación **Asunto veterano** un dos principais sospeitosos era un vello coñecido das forzas da orde e por iso ten ese nome.



O nome de operación **Tráiler** débese a que a droga ía agachada nun camiión e na de Máis madeira ía escondida en taboleiros de madeira. Esta operación deu lugar a outra chamada **Estela** na que os axentes despezaron uns taboleiros para coller a droga.

CONCLUSIÓN

Podemos concluír este traballo de investigación dicindo que as operacións policiais teñen eses nomes segundo o sitio, os infiltrados, a decisión dos policías; tamén do tipo de delincuencia: narcotráfico, roubo de coches, prostitución, piratería ilegal, cobro de comisións ilegais, etc.

O DÍA DA PAZ

O 30 de xaneiro celébrase o Día Escolar da Non-violencia e da paz (DENIP) en honor a Mahatma Gandhi. Nos países con calendarios escolares propios do hemisferio sur esta xornada conmemórase o 30 de marzo.



Este ano está especialmente adicado a Gandhi pois se celebra o 60 aniversario do seu asasinato a mans dun estremista hindú. Foi un home que loitou pola paz predicando a convivencia e o diálogo entre as persoas sen importarlle a raza ou a relixión.

Algunhas frases célebres de Gandhi:

-“No dejes que se muera el sol sin que hayan muerto tus rencores.”

-“No hay caminos para la paz. La paz es el camino.”

-“La humanidad no puede liberarse de la violencia más que por medio de la no violencia.”

Para celebrar o día da paz tódolos alumnos\as de Primaria, como acto simbólico, levaron unha viseira branca e un globo. Os nenos de Infantil tamén fixeron unha pulserita cunha pomba decorada por eles.

Ese día desenvolvéronse diferentes actividades:



1º de Primaria: a canción “Sólo 3 letras”

Sólo tres letras,
tres letras nada más,
sólo tres letras
que para siempre
aprenderás.

Sólo tres letras
Para escribir PAZ.

La P, la A y la Z,
Sólo tres letras.

Sólo tres letras,
Tres letras nada más,
Para cantar Paz,
Para hacer Paz.

2º de Primaria: o poema “Sonatas de amor”

A terra durmida
sentiu no seu seo
disparos de chumbo
disparos de xeo.

Moreas de nenos,
co seu agarimo,
fixeron da guerra
un mar de aloumiños.

E foron as nenas
deitando dozura
as que converteron
o medo en tenrura.

Meniños, meniñas
de tódolas cores
cubriron a terra
de beixos e flores.

Antonio García Teijeiro

3º de Primaria: “O cóctel da Paz”

no que lle botan os
seguintes ingredientes:

- Inxeccións de xenerosidade e tolerancia.
- Pastillas de cultura e de estudio.
- Vitaminas de comprensión e de respecto.
- Gotas de sorrisos e de ledicia.
- Xaropes de amizade e de compañerismo.
- Pílulas de xustiza e liberdade.
- Crema de solidariedade.

4º de Primaria:
o poema
“Para que haya Paz”

Sólo tres letras,
Para que haya paz en el mundo,
debe haber paz en las naciones.

Para que haya paz en las naciones,
debe haber paz en las ciudades.

Para que haya paz en las ciudades,
debe haber paz entre los vecinos.

Para que haya paz entre los vecinos,
debe haber paz en las casas.

Para que haya paz en las casas,
debe haber paz en los corazones.
(versión libre de un texto de Lao-Tsé)

4º, 5º e 6º de Primaria:
a canción
“Queremos Paz”

E- ah,
Queremos paz y no la guerra
Hay muchas armas en la tierra
Queremos paz, queremos amor...
(Maná)

6º de Primaria:
inventaron
“Unhas estrofas”

A bondade non é unha
obriga
a bondade é un deber
que todos debemos posuír.

A pomba mensaxeira
é un signo de bondade
e o noso corazón debe ser
un signo de solidariedade.

Se realmente tes
un bo corazón,
non o despreces;
emprégao no mellor.

Cando vexas unha estrela
brillar,
fai un acto de paz,
sentiraste mellor
e o mundo mellorará.



Fixéronse actividades moi interesantes, e fíxose fincapé en que non é un acto dun día e remata todo, senón que deben adquirirse hábitos pacíficos para sempre na nosa clase, na nosa casa, cos nosos amigos...
Ímos perdoar, levarnos ben, preocuparnos polos outros, que estean contentos...
Quen ama, axuda, perdoa, colabora, comparte, traballa pola paz, pola convivencia, polo ben común...



O alcohol e as bebidas alcohólicas

Estamos estudiando estes días na clase de Física e Química o que son as disolucións, entre elas centrámonos nas de tipo alcohólico.

As bebidas alcohólicas (disolucións) son produtos amplamente difundidos que se consideran alimentarios. Entre os seus componentes atópanse, a auga (disolvente) e o alcohol (soluto).

O alcohol é un líquido incoloro e volátil que está presente en diversas bebidas fermentadas. O nome químico do alcohol é **etanol** ou **alcohol etílico**.

O grao alcohólico dunha bebida é a porcentaxe de alcohol que ten unha bebida. Exprésase en tanto por cen en volume (% vol.) ou en graos (°). Por exemplo, un viño de 12° contén un 12% e volume de alcohol, é dicir, cada 100 ml dese viño conteñen 12 ml de alcohol puro.



BEBIDAS	° = % Vol.
Cerveza –	5° / 5% Vol.
Viño –	12° / 12% vol.
Whisky –	40° / 40% vol.
Sidra –	4° - 4% vol.



O **alcoholismo** é unha enfermidade producida polo abuso de alcohol. Ocasiona problemas graves de saúde que afectan o fígado e o sistema nervioso.

Desafortunadamente, o consumo de alcohol aumenta de maneira constante, sobre todo entre os rapaces. As defuncións por **accidentes de tráfico** relacionados co alcohol ocupan os primeiros lugares entre as causas de morte.



A **taxa de alcohol** é a concentración de alcohol no sangue ou no aire expirado. No sangue o máximo valor acádase entre os 30 e os 90 minutos despois de haberse producido a súa inxestión. Agora ben, a taxa de alcoholemia dependerá dos parámetros físicos do individuo analizado.

O código de circulación actual sitúa a taxa de alcoholemia permitida en 0,25 miligramos de alcohol por litro de aire (soprado) e por baixo dos 0,5 gramos de alcohol por litro de sangue. Estas cifras son as establecidas para a xeralidade de automobilistas. Sin embargo, os condutores de certo tipo de vehículos, como os de transporte de mercancías con carga superior

aos 3500 kilos, os de vehículos de transporte para máis de nove pasaxeiros ou de servizo público, os de transporte escolar, mercancías perigosas, servizos de urxencia ou portes especiais, deberán evitar taxas superiores a 0,15 miligramos por litro de aire e 0,3 gramos por litro de sangue. Estas últimas taxas tamén serán aplicables aos automobilistas noveles, é dicir, aqueles con menos de dous anos de tenencia ao permiso de conducir.

Os alcoholímetros miden a concentración de alcohol no aire expirado, a partires da relación: 2000 litros de aire expirado equivalen a 1 litro de sangue.

CONDUCTORES	LIMITE EN SANGRE	LIMITE EN AIRE EXPIRADO
Xeral	0,5 gr/l	0,25 mg/l
Profesionais	0,3 gr/l	0,15 mg/l
Noveles	0,3 gr/l	0,15 mg/l

A taxa de alcohol no sangue para entrar nun coma etílico é de 4 gramos/litro. Podese considerar borracho cunha taxa de alcoholemia de máis de 1 gramo/litro.

Estímase que a inxesta dunha lata de cerveza (33 centilitros), de tres vasos de viño (60 cl) o dous vasos de whisky (45 cl) bastaríalle a un home de arredor duns 70 kilos para chegar a arrojar o resultado de 0,3 gramos de alcohol por cada litro de sangue. Pola súa parte, unha muller de menor peso alcanzaría con menor volume de alcohol os límites permitidos.

En resumo, aínda que as taxas de alcohol no sangue varían en función de moitos factores, si conducimos tras beber poderíamos cometer unha infracción administrativa ou incluso, segundo as circunstancias, ata un delito contra a seguridade do tráfico.

Por iso, o mellor consello que pode seguirse é **non consumir alcohol en absoluto si se vai conducir un vehículo e non viaxar con ningún conductor que teña consumido alcohol.**


SUSTANCIAS QUÍMICAS NA VIDA COTIÁ

Estamos rodeados de química por todas partes. Imos repasar algunhas das sustancias máis habituais.

A AUGA

É a sustancia máis común, pero non tódalas augas son iguais. Veredes:

A auga corrente



É a auga que bebemos da billa. É unha mestura formada por auga (H_2O) sales minerais disoltas, ademais doutras sustancias como o cloro, que se engade na última fase de potabilización. A composición exacta depende da súa procedencia, de aí que a auga de Madrid sexa distinta en sabor e en outras características a de, por exemplo Pontevedra.

As augas minerais



Proceden de mananciais que teñen maior proporción dalgunhas sales minerais, que as fan adecuadas para tratar certas doenzas. Así, temos augas ferruginosas, sulfhídricas, termais, etc. Estas augas envásanse e comercialízanse para o consumo. Tamén se utilizan nos balnearios.

A auga de mar



Ten moitos sales disoltos, sobre todo, cloruro de sodio e de magnesio. Nas salinas evapórase a auga de mar para obter o sal que utilizamos na cociña e para a conservación de alimentos.

Entón, onde hai auga pura?

Dende o punto de vista químico, unha sustancia pura é a que non está mesturada con ningunha outra. Polo tanto, a auga pura é a que non ten sales minerais disoltos, só é auga (H_2O). É o que coñecemos por **auga destilada**.



Para ter auga pura debemos destilar a auga corrente quitándolle os sales disoltos, A auga pura ou destilada non é apta para o consumo.

TINTURA DE IODO (DESINFECTANTE)

É unha disolución de yodo sólido en alcohol e auga.



LIXIVIA

É unha disolución do sal hipoclorito sódico (NaClO) en auga.



REFRESCOS CON GAS

Son disolucións compostas principalmente por gas dióxido de carbono (CO_2) en auga.



SORO FISIOLÓGICO

É unha disolución de cloruro de sodio (sal común) en auga ó 0,9%. Utilízase cando hai que inxectar líquido a unha persoa, para que as características do seu sangue non varíen demasiado, o que ocorrería se se inxectase auga destilada.

O LEITE

É unha emulsión de partículas graxas en auga.



XELES DE BAÑO E CHAMPÚS

Son sustancias coloidais que levan dispersas pequenas partículas que non se ven a simple vista.




APRENDENDO FÍSICA NO CERN

Os físicos de partículas de todo o mundo están mirando cara ó centro de Europa, a Xinebra, onde está a punto de començar a funcionar o máis potente acelerador de partículas que se ten construído: o LHC (Large Hadron Collider). Os científicos esperan acceder con el ós secretos profundos da materia e da enerxía, do Universo, de cómo está feito e como funciona.

A institución anfitriona do LHC é o Laboratorio Europeo de Física de Partículas (CERN), onde traballan unhas 10.000 persoas de decenas de países.



Vista aérea do CERN. O círculo grande mostra a liña do túnel do LHC de 27 km. A liña de cruces indica a fronteira entre Francia e Suíza



Os físicos saben moitas cousas acerca do microcosmos, dos componentes fundamentais de todo o que existe. Pero descoñecen moitísimas máis. O **modelo estándar** é un conxunto de teorías cuánticas que describen, cunha increíble precisión, os bloques fundamentais da Natureza, as partículas elementais, e como interactúan formando a materia e a enerxía.

O máis sorprendente é que a **materia normal**, a que describe o modelo estándar, só supón o 4% de toda a materia e enerxía do Universo; a **materia escura**, que non loce, é o 23%, e, o resto, o 73%, é unha forma de **enerxía**, e por tanto de masa, chamada **escura**, da cal non se ten nin idea do que é, aínda que se mide a súa presenza.

O plan é que o próximo 15 de xuño haxa feixes de partículas circulando no LHC e que se produzan as primeiras colisións no verán. A inauguración oficial será en outubro. Os científicos teñen esperanzas de que o acelerador sirva para descubrir unha nova familia de partículas, chamadas **supersimétricas**, que interaccionarán moi débilmente coas demais e que son boas candidatas para constituír a materia escura do Universo. Ademais, esperar descubrir o famoso **bosón de Higgs**, cuxa existencia explicaría o feito de que moitas partículas elementais teñan masa.



O LHC consiste nun anel de 27 km de diámetro. No seu interior hai enormes imáns supercondutores, sen resistencia nen perda de enerxía. Isto require traballar a temperaturas de -271°C (máis baixas que no espazo exterior), polo que gran parte do acelerador está conectado a un sistema de distribución de Helio líquido. Isto converte ó LHC no **lugar máis frío do Universo**.



CHERNOBIL

Un día do mes de Abril de fai 20 anos, a vida de Pripia chegou a un estremecedor final. Antes do alba de Abril de 1986, a menos de tres quilómetros ao sur do que era unha cidade de 50.000 habitantes, o reactor número catro da central nuclear de Chernobil estalou. Trinta persoas morreron a consecuencia da explosión ou do incendio, ou resultaron expostas a radiacións letais. A estrutura destruída ardeu durante 10 días, contaminando 142.000 quilómetros cadrados do norte de Ucraia, o sur de Bielorrusia e a rexión rusa de Briansk.. Foi o peor accidente nuclear que coñeceu o mundo.

A choiva radioactiva, 400 veces superior á radiatividade liberada en Hiroshima, expulsou a máis de 300.000 persoas dos seus fogares e desencadeou unha epidemia infantil de cancro de tiroides. Cos anos, as perdas económicas, custos sanitarios e de limpeza ,indemnizacións e perda de produtividade cifráronse en centos de miles de millóns de euros.



Fuente: Ciencias ambientais e da saúde, Editorial A Nosa Terra, 1966

Os restos extremadamente radioactivos do reactor catro aínda están baixo o ``SARCÓFAGO`` unha deteriorada cripta de formigón e aceiro construída a fume de carozo despois do accidente e que agora ameaza con esborrallarse.Os traballos para substituílo están a piques de comezar: unha estrutura curva, do tamaño dun campo de fútbol, deslizarase sobre o sarcófago e pecharao hermeticamente.O reactor quedará así fose da vista.Os primeiros cálculos de que habería decenas ou ata centos de miles de mortos a consecuencia do accidente de Chernobil foron rexeitados. Pero o dano producido fai 20 anos cóbrase lentamente as súas vítimas. O cancro aceso por Chernobil cobrase 4.000 vidas.

Un dos efectos de Chernobil que poucos teñen en conta son as feridas psicolóxicas sufridas polos que abandoaron un fogar destruído e polos millóns de persoas que seguen vivindo na zona contaminada. Moitas mulleres senten que darán a luz a bebés enfermos ou fillos sen futuro.

A DOPAXE

Que é a dopaxe?

É o uso de substancias ou o emprego e aplicación de métodos destinados a aumentar artificialmente as capacidades físicas dos deportistas ou a modificar os resultados das competicións deportivas.

Efectos da dopaxe

A dopaxe pode ser prexudicial para a saúde. Os efectos a corto e l longo prazo poden ser bastante destrutivos.

a. Moralmente: é unha violación das regras deportivas. É facer trampas. É contrario aos principios fundamentais da deportividade e xogo limpo. É enganar aos demais e a un mesmo. É un insulto aos demais e a un mesmo. Deshonra a todos os que están relacionados co deporte. Infrinxe a lexislación e pode conducirse a un proceso legal.

b. Fisicamente: pon en perigo a saúde. Causa efectos secundarios inmediatos e a longo prazo. Causa un deterioro físico que pode ter graves consecuencias.



A dopaxe está lexislada

Existe un regulamento de control da dopaxe e das substancias e métodos que poden supor a aparición de resultados positivos nos controles de dopaxe. Todos os deportistas con licencia para participar en competicións oficiais de ámbito estatal teñen obrigación de someterse aos controis da dopaxe, que se poderán efectuar nas competición ou fora de competición.

A Lei do deporte considera infracción moi graves:

- A promoción, incitación, consumo ou utilización de substancias ou grupos farmacolóxicos prohibidos e de métodos non regulamentarios de dopaxe destinados a aumentar artificialmente as capacidades físicas dos deportistas ou a modificar os resultados das competicións.
- A negativa a someterse a os controis esixidos por persoas ou órganos competentes, ou calquera acción que impida a realización de ditos controis.

Probas de controis

Se realizan probas de control de dopaxe en competicións internacionais, nacionais e tamén rexionais, e tamén en entrenamentos.

Nas competicións a selección dos atletas para ser analizados se realiza por sorteo antes de realizar a competición. Para iso o médico encargado do control e o xuíz árbitro sortean as probas e os postos que van a realizar o control. Tamén se realiza cando se baten récords e mínimas. A selección de atletas para controis fora de competición tamén se fai por sorteo.

O atleta que debe pasar o control é notificado o terminar a proba mediante un formulario oficial que debe firmar. A notificación da testimonio de que o atleta se da por enterado que debe ir o posto de control de dopaxe dentro do prazo establecido en dito formulario. O non acudir considerase como un positivo.

Está permitido que o atleta o acompañe unha persoa dentro da sala de control.

Unha vez na sala o atleta debe identificase (DNI ou ficha federativa) e se lle explica todo o proceso do procedemento e recollida da mostra.

As mostra (xeralmente dúas) son precintadas e codificadas en envases individuais e todas en un contenedor xeral tamén precintado e codificado para o seu envío o laboratorio.

Tras completar os análises en un laboratorio acreditado, se informara dos resultados á federación ou organismo responsable da competición. Se a primeira mostra é negativa (non se detectaron sustancias prohibidas) se considera que o atleta non tomou sustancias non autorizadas e a segunda mostra non se realiza. Se o análise da positivo se sanciona o atleta.

Sustancias prohibidas

É aconsellable ter as listas oficiais de sustancias prohibidas. Algúns fármacos de uso común (Analgilasa, Cafiaspirina, Desenfriol, Saldeva, Bisolvon, Compositum, Tonopan...entre outros) conteñen sustancias dopantes.

Preparados que NON teñen sustancias dopantes

É importante prestar atención ao nome completo do medicamento pois, sendo o medicamento base un preparado que poda tomarse, outras preparacións do mesmo poden engadir sustancias dopantes. Por exemplo, o Bisolvon pode tomarse sen perigo, pero o Bisolvon Compositum daría positivo.

Lémbrese que non se debe tomar ningún medicamento sen avisar o médico da entidade deportiva aínda que se encontre no seguinte listado:

APARATO DIXESTIVO

ESTOMATOLOXICOS:BETADINE BUCAL, MILROSINA, SANODIN GEL,LIZIPAINA.
ANTIULCEROSOS:ZANTAC,QUANTOR
ANTIESPASMOLITICOS:CLEBORIL, DUSTAPALIN, SPASMOCTYL
ANTIHEMÉTICOS:EMULIQUEN,EVACUOL
LAXANTES:EMULIQUEN,EVAQUOL
ANTIDIARREICOS:FORTASEC
VITAMINAS:PHARMATON C, MULTIBONTA M
TONICOS:AMINOVEINTE

SANGUE

ANTIANEMICOS:
CROMATONBIC FERRO, FERROPROTIN

CARDIOVASCULAR

ANTIVARICOSOS-
ANTIHEMORROIDALES:VENOSMIL

LOCOMOTOR

ANTIINFLAMATORIOS:FELDENE, VOLTAREN, ENANTYUM, AIRTAL
ANTIINFLAMATORIOSTOPICOS:FASTUM GEL,VOLTAREN EMUGEN
MIORELAJANTES:ADULGAR, ROBAXISAL COMPUEST, MYLOASTAN, YURELAX

DERMATOLÓXICOS

ANTIMICOTICOS:CANESTEN, MYCOSTAIN, DAKTARIN
ANTIPURIGINOSOS:TALQUISTINA
ANTIBIOTICOS TOPICOS:IRUXOL MONO, NOO-BATRICIN
CORTICOSTEROIDES
TOPICOS:MENADREM SIMLE
ANTISEPTICOS:MERCROMINA, ERMIL, BETADINE
ANTIACNE:MINOCIN, LODERM, LEDERPAX

XENITO-URINARIOS

ANTIANEMICOS:CROMATONBIC FERRO, FERROPROTIN
Cardiovascular

ANTIVARICOSOS-
ANTIHEMORROIDALES:VENOSMIL

SISTEMA NERVIOSO CENTRAL

ANALGESICOS-
ANTITERMICOS:ASPIRINA, GELOCATIL, NOLOTIL
TRANQUILIZANTES:ANEUROL, LEXATIN,TRANXILIUM
MEREOS:BIODRAMINA,TORECAN
APARELLO RESPIRATORIO
DESCONGESTIVO NASAL:RESPIR
MUCOLITICOS:MOTOSOL, FLUIMUCIL
ANTIGRIPALES:ASPIRINA,GELOCATIL
ANTIISTAMINICOS:HISTAMINOS

O ACIVRO

Nome vulgar: Acivro

Nome científico: *Ilex aquifolium* L.

Familia: Aquifoliaceae



Arbusto de copa cónica, ramificada dende a base e con follaxe moi densa que pode ter una altura de 15 m

E orixinaria do norte de Europa, Africa e oeste de Asia, viven en zonas sombrizas e solos ácidos propios de zonas de montaña. En Galiza e abundante na parte oriental inda que se pode atopar en moitas carballeiras.

Os aceveiros ou aciveiras son bosques onde predomina o acivro, bosques pequenos e escuros por riba dos mil metros de altura. Pondese atopar na serra do Xistral, os Ancares, nos montes do invernoiro e Pena Trevinca.

Mitoloxía e tradicións

Os celtas considerábanno unha árbore sagrada, con capacidade para atraer a boa sorte. Empregábase nos rituais do solsticio de inverno. No calendario druídico identificábase co período que ía entre o 15 de maio e o 11 de xuño, e no alfabeto Ogham coa letra T.

Os xermanos colocaban unha póla de acivro no inverno na entrada das súas casas, e os romanos asociábanno ás festas saturnais.

Segundo a tradición popular galega, cando un mozo quere enamorar a unha moza, tiña que cortar unha póla de acivro ás doce da noite de San Xoán, pasala trece veces baixo as ondas do mar mentres rezaba un credo de cada vez. Así, a moza á que toque con esta póla, chamada *aciviño*, quedará enamorada del sen remedio.

O acivro na cultura popular

Sinonimia

O acivro recibe outros moitos nomes en galego. Moitos deles son simples variantes fonéticas e, noutros casos, reflicten o bordo espiñento das súas follas: *Aceveda, acevedo, acevicho, aceviño, acevreiro, acevo, acevro, aciveira, aciveiro, acivo, acivra, acivreira, acivreiro, axivo, cebro, cibro, encebiño, escornacabras, picoloureiro, rascacú, vellebrán, visgo, xando, xardeira, xardo e xardón.*

Para os froitos a súa denominación popular e *cereixa dos paxaros*

O acivro no Nadal

A árbore emprégase en moitos países como motivo ornamental durante as festas de Nadal, o que pode pór en perigo a propia existencia do acivro: a especie está protexida pola lei e o seu comercio ou extracción procedente de exemplares silvestres está prohibido. Ademais do efecto negativo sobre a conservación da propia especie, esta práctica pon en perigo a poboación da pita do monte (*Tetrao urogallus*), xa que os froitos do acivro son o seu único alimento durante o inverno.

Segundo a tradición americana do nadal, de estaren un mozo e unha moza baixo unha póla de acivro ou visgo deben bicarse.

ÁNDOA COMESTIBLE

Ándoa é o nome dado a un grupo de especies que ancestralmente se consumen no noso país. *Boletus aereus*, *Boletus edulis*, *Boletus pinophilus*

O feito de nacer durante o outono nas carballeiras e soutos, ao ter o pé grosso, lanudo e denso, fixo del un dos máis apreciados nas serras orientais da provincia de Lugo (Caurel, Ancares e Fonsagrada ...)

Cortábase en laminas finas e deixábase secar nas queixeirás preto da lareira. Despois gardábase e no inverno, nos períodos do ano en que a comida non era tan abundante, cocíase con castañas e, despois do descubrimento de América, con patacas

A cor do sombreiro é moi variable, incluso dentro da mesma especie, e o pé está cuberto no tercio, ou na metade, superior por unha rediña branca. A carne é branca e non muda de cor cando entra en contacto co ar.

Receta: Budin de ándoas.

Ingredientes: 300g de *Boletus edulis*, 1 cunca de caldo de carne, 80g de manteiga, 60g de fariña, ¼ l de leite, 2 ovos, queixo relado, sal e pementa.

Corta os *Boletus edulis* moi delgadiños e pasalos en unha cullerada de manteiga durante uns 20-30 m, botándolles de cando en vez un pouco de caldo. Preparar unha Bechamel coa manteiga, a fariña, o leite, o sal e a pementa. Bota esta nos *Boletus edulis* cocidos e retíraa do lume, engadindo os ovos e o queixo relado. Mestura todo con moito tino e bótao nun molde previamente untado con manteiga e fariña. Méteo no forno, ó baño maría. Dalle a volta nun prato e enche o oco central con *Boletus edulis* pasados en manteiga con sal e pementa.



O ALMORZO

Nalgunhas culturas, o almorzo acada unha importancia tal que é considerado como a principal comida do día, non só polos alimentos que o compón senón pola función social que este desempeña.



Agora, desde o punto de vista fisiolóxico, a primeira comida do día irrompe un período de xaxún moi prolongado: as horas de soño. Durante o soño, moitas funcións cerebrais "dórmense" necesitando da achega enerxética que lles proverá o almorzo para reactivarse para o día. Os nutrientes básicos para cumprir con este obxectivo son as vitaminas, ferro, zinc e o calcio entre outros minerais

Segundo diversos estudos, demostrouse que a primeira comida do día axuda aos nen@s a pensar con rapidez, prestar atención e comunicarse en forma apropiada co seu medio. Un neno en idade escolar que chega ao seu colexio sen almorzar correctamente ten dificultades de concentración e memoria, ou tamén pode sentirse canso e nervioso.

Almorzar e algo máis que tomar un cola cao, pois éste non nos aportan practicamente ningún nutriente.

Un almorzo completo contribúe a:

- Proporcionanos enerxía necesaria para empezar o día.
- Conseguir uns aportes nutricionais máis adecuados.
- Pode contribuír a prevención da obesidade nos nenos.
- Mellora o rendemento intelectual, físico e a actitude no traballo. Cando almorzamos é máis fácil concentrarnos e poñer atención a clase

Exemplos de almorzos completos son:

- Zume de froita natural, tostadas con un pouco de aceite de oliva e un vaso con leite.
- Iogur, cereais e froita.
- Leite, cereal e zume de froita natural.
- Pan, queixo e froita.

En qué consiste un bo almorzo?

- Lácteos:** 1 vaso de leite, 1 iogur fresco ou queixo.
- Cereais:** pan, galletas, pan integral, postre caseiro ou cereais do almorzo
- Froitas ou zume natural**

Tamén se podería complementar en algunhas ocasións con outros alimentos proteicos como ovos, xamón, froitos secos, etc....

MULLERES CIENTÍFICAS NA HISTORIA

Científicas premios Nobel en ciencias

1903 Física: Marie Sklodowska Curie, física Polaca.

1911 Química: Marie Sklodowska Curie.

1935 Química: Irene Joliot-Curie, fisicoquímica francesa.

1947 Fisioloxía e Medicina: Gerty Radnitz Cori, bioquímica checa.

1963 Física: Maria Goeppert Mayer, física polacoamericana.

1964 Química: Dorothy Crowfoot Hodgkin, cristalografade rayos X británica.

1977 Fisioloxía e Medicina: Rosalyn Sussman Yalow, especialista en medicina nuclear, Estados Unidos.

1983 Fisioloxía e Medicina: Bárbara McClintock, bióloga, Estados Unidos.

1986 Fisioloxía e Medicina: Rita Levi-Montalcini, neuróloga italiana.

1988 Fisioloxía e medicina: Gertrude Eilon, bioquímica, Estados Unidos.

1995 Fisioloxía e Medicina: Christiane Nusslein-Volhard, bióloga alemana.

2004 Fisioloxía e Medicina: Linda B.Buck, neuróloga, Estados Unidos.



1995 Fisioloxía e Medicina: Christiane Nusslein-Volhard, bióloga alemana.




2004 Fisioloxía e Medicina Linda B.Buck, neuróloga, Estados Unidos.


- Que gratiosos os nomes dos animais! a cocha celta Alberta, a vaca Muñeca, o coello Emilio... (Nerea, 2º)
 - Gustoume moito facer as menciñas e o herbario. (Alicia, 2º)
 - Había dúas vacas, unha estaba preñada e a outra xa tiña un becerro precioso. (Marcos, 2º)
 - Escoitamos o canto dos paxaros. (Giovanna, 2º)
 - Gustoume o paseo no cabalo que era grande, marrón, tiña pelo e ía enganchado a un carro de ferro. (Carlos, Jennifer e Miguel, 2º)
 - Vimos máis de cen ovellas. O xantar estaba moi rico e os títeres bonitos. (Silvia, 2º)
 - Fíxeme amigo de Bismark, facíame caso. É moi peludo e guapo. (Aarón, 2º)
 - Gustoume facer pan porque amásase, cócese. Leveí o pan para a casa e estaba moi rico. (Antía, 2º)
 - Había máis de cen ovellas e moitos anos... (Pablo B. 2º)
- oo
- O que nos impresionou máis na excursión foi o paseo que nos deron pola granxa nun carro tirado por un pequeno cabalo chamado ROQUE. (Nerea, Jonathan, Antía, Jacobo, Lorena e Paula, 3º)
 - Na granxa vimos moitas cousas interesantes, pero o que máis nos gustou foi un can grande chamado BISMARK (Rubén Sánchez, Rubén Folgar e Mateo. 3º)
 - O máis bonito de todo foi ver as ovellas e os seus anos, como paseaban pola granxa. (Gloria. 3º)
 - A min o que máis me gustou foi o porco celta. (Manuel Álvarez. 3º)
 - O máis impresionante foi aprender a facer o pan e... ¡estaba boísimo! (Ruth. 3º)
 - QUEDÁRONNOS GANAS DE VOLVER. (As profes: Amada, Laura, Alicia G. e Alicia, R.)
MOITAS GRAZAS

ANDORRA: UNHA INOLVIDABLE EXPERIENCIA

Todo comenzo o día 12 de Xaneiro. Erguémonos esa mañá algo confusos; miles de pensamentos invadían as nosas mentes e a idea de ir a vivir algo novo durante unha semana enteira, sen os nosos pais e cos nosos compañeiros, non saía da nosa cabeza. O tempo pasaba lentamente pero o fin chegou a hora; ás once e media da noite encamiñámonos cara Andorra, esperábanos un longo camiño. Aínda que a viaxe foi agotadora, a intriga de saber o que ía pasar a cada momento non nos deixou durmir. Alá cara as catro e media da tarde do Domingo, tras viaxar toda a noite, chegamos a Andorra; recollemos o material de esquí nunha tenda de alquiler, distribuímos as habitacións e nos instalámonos no Hotel Marco Polo (A Massana). Todos estabamos moi cansos da viaxe e caímos rendidos nas nosas habitacións.



O luns pola mañá fomos no autobús ata a estación de esquí, Pal-Arinsal, onde nos dividiron por grupos segundo o noso nivel, e comenzaron as clases de esquí. A mañá transcorreu rapidamente. Os principiantes descubrimos o divertido que é esquiar, e os que xa o dominaban recordaron o ben que o pasaron en anos anteriores. Cando rematou o cursiño de esquí quedamos cos monitores para o día seguinte e nos fomos a xantar. Despois tivemos tempo para esquiar libremente ata as catro e media da tarde. De regreso o hotel, cada quen contaba a súa experiencia, uns o ben que se lles daba esquiar e outros as zoupadas que levaron, e así entre risas e bromas chegou a noite. Despois da cea e ata as doce da noite tiñamos un tempo para estar de troula na sala de xogos e nas habitacións. As comidas, e o servizo en xeral deste hotel foi estupendo durante toda a semana.



A mañá do martes erguémonos menos tensos e estreamos o teleférico que nos levaba dende preto do hotel ata a mesma estación de esquí. Nas pistas todo semellaba máis fácil. Logo de comer e de esquiar ata as catro e media, baixamos directamente a facer unha visita a Andorra la Vella onde aproveitamos tanto para ver a cidade coma para facer algunhas compras.

O resto dos días transcurriron máis ou menos igual, so que o cansancio se foi acumulando e as noites se nos facían demasiado cortas para o descanso que necesitabamos. O mércores a noite pretendiamos ir a patinar sobre xeo, pero a forte nevada non permitiu que o bus nos puidese levar, eso si, permitiu unha boa batalla de neve diante do hotel. A noite do xoves algúns foron ó Balneario de Caldea e outros nos quedamos no hotel a descansar.

O Venres tivemos que deixar as maletas feitas e fora da habitación antes de subir a estación. Nas pistas de esquí despedímonos do monitor e tamén de algúns amigos que fixemos de outras excursión. Esa tarde tamén despedimos as pistas, con unha batalla de bolas de neve e esquiando ata o último minuto. O baixar devolvemos o material de esquí, recollemos as maletas e nos cambiamos no hotel, e emprendimos a longa viaxe de regreso cara a nosa terra.

Sinceramente foi unha experiencia inolvidable; esperamos volver a repetila algún día, se nos deixan...





VIAXE A MADRID

Como xa é sabido fai pouco algúns alumnos do centro realizamos unha viaxe a Madrid na que se levaron a cabo diferentes actividades relacionadas coa música, arquitectura e coa historia.

A saída levouse a cabo o luns día once de febreiro ás seis e media da madrugada dende diante do centro. Os alumnos participantes na viaxe éramos poucos pero levabamos un gran entusiasmo connosco. Íamos acompañados polas nosas mestras de historia e de música. A viaxe fíxose un pouco longa pero ás doce e media do mediodía aproximadamente chegamos a Madrid. Ó chegar á plaza de España repartímonos polos restaurantes de comida rápida da zona ou comemos os nosos propios bocadillos.

Un pouco máis tarde mestres e alumnos reunímonos na entrada do Pazo Real, este edificio visitámolo durante a tarde e nel puidéronse contemplar o luxo e a exclusividade que amosan calquera dos seus moveis, lámpadas e demáis, incluso tamén as salas donde se levan a cabo as recepcións oficiais.

Na visita ó Palacio Real tamén poidemos ver os Xardíns de Palacio, a Farmacia Real e a Real Armería, nesta última gárdanse as armaduras dos soldados de épocas anteriores e tamén armamento empregado nesas épocas.

Ó finalizar a visita ó Pazo Real os alumnos disfrutamos dunha xornada de compras pola zona.

Ó chegar a noite os alumnos e mestras reunímonos nos arredores do teatro onde íamos ver a representación do musical “Hoy no me puedo levantar”.

Tivemos un breve espazo de tempo para comprar a cea e ós poucos minutos estabamos xa entrando no teatro, onde a representación, encandilounos a todos e fíxonos partícipes do espectáculo en todo momento.

Durante o tempo que durou a representación, 4 horas, ningún de nós tivemos tempo de aburrirnos debido ó ritmo que levaba o espectáculo. Á saída do musical collemos o autobús e voltamos cara o Escorial onde estaba o noso hotel.

Alí pasamos a noite e despois dun matinal paseo polo Escorial visitamos o mosteiro de San Lorenzo do Escorial, onde poidemos ver a corte de Felipe II e outras cousas moi interesantes coma un panteón onde estaban enterrados gran cantidade de reis e os seus consortes.

Finalmente desprazámonos a un centro comercial a comer edespois disto voltamos para a casa traendo con nosco un bonito recordo dunha viaxe moi breve pero tamén moi intensa e que sin dubida merece a pena recordar.



PACO LODEIRO

Imos entrevistar a Paco Lodeiro actor, presentador e showman, ademais de profesor da Escola de Imaxe e Son da Coruña durante os anos 90.

A súa relación co audiovisual nace e comeza nesta década, primeiro na TVG e despois na TVE e desde o 2002 presenta en varias canles da Forta o concurso *Cifras e letras*.

Ten traballado en programas radiofónicos como *O miradoiro* ou *Corre Carmela que chove*, entre outros, e tamén actuou nalgúns longametraxes como *Déixate caer*, *Nación X*, *O Príncipe enamorado* e un *Amor por Descubrir*, e series de TV como *Pequeno Gran Show*, *Oriundo* e *Os Atlánticos*.



Que che parece o teu traballo?

Teño a sorte de traballar no que me gusta. Así que é unha sorte.

Porque decidiches traballar na TV ?

Desde sempre que recordo tiña esa característica de ser o que cantaba nas festas do cole, o que contaba os contos... así que acabei por vivir diso.

Que che gustaría facer se non traballases na TV ?

Supoño que seguiría dando clase no instituto, cousa que xa fixen

Con quen che gustaría actuar?

Gustárame cantar con Tom Jones.

Cal é o teu actor ou actriz favorita? E por que ?

Farruco porque é capaz de facer cousas moi diferentes (e porque é amigo meu).

Cal é o teu equipo de fútbol preferido?

O Depor

Se foses seleccionador levarías a Raúl? E por que?

Non. Porque creo que os hai mellores

Cal foi o teu primeiro programa como presentador?

E en que canle foi?

Chamábase *Xogando Coas Letras* en TVG



Foi este sempre o teu soño?

Non, pasei por outras etapas. Fútbol, música. Sobre todo vivir da música foi un soño.

Cantos anos levas nesta profesión?

Dezaseis.

Gústache ler? Que lecturas prefires?

Ensaíos. Cousas sobre a sociedade e a rede. Estou facendo un doutoramento en Sociedade da Información e iso agora absórbeme moito para ler por entretemento.

Cal é o teu escritor favorito?

Manuel Rivas.

Cales son as túas afeccións nos momentos que che quedan libres?

Xogar co meu fillo. Mellor ao fútbol real que na Play ao FIFA 2007.

Gústache a música?

O que máis. Teño un grupo co que vou cantar e/ou ensaiar a lo menos unha vez por semana.

De que tipo?

De todo. Para cantar Boleros.

A quen ou que levarías a unha illa deserta?

Non lle faría ese mal a ninguén. Se teño que estar eu alí, estaría agardando a que viñeran buscarme.

Nestes momentos, en que traballas?

Gravando *Cifras y letras* para Telemadrid.



Moitas grazas pola túa colaboración e en canto teñamos a revista xa cha enviaremos.

Entrevista a Dona Paz

- Para comenzar, Dona Paz, unha pregunta obrigada. Cantos anos leva na docencia?

Moitos. Empecei a traballar no ano sesenta e tres. Votade contas; toda unha vida.

- Nos identificámola sempre coa educación primaria, sentíase a gusto con eles.

Coa implantación da LOGSE, adscribinme á E.P. Sempre estivera con alumnos dos últimos cursos da EXB e, claro que tiña medo a non adaptarme aos nenos/as máis cativos e a que eles non se entenderan comigo. Pero din cunha maravilla de alumnos que me fixeron moi fácil o cambio. É unha etapa moi especial. Teño que dicir que me sentín mimada por eles.

- Remontémonos un pouco atrás, por que se fixo mestra?

Eran tempos complicados para irse fora de Lugo a estudar outra carreira. Aquí, ou estudiabas Maxisterio ou Enfermería. Eu era consciente da miña situación persoal e só quería ter unha carreira e traballar. Logo non me pesou, sempre me sentín ben.

- A todos cóstanos a súa dedicación e entrega aos seus alumnos, ademais do eficaz labor diario. Atrás quedan moreas de horas extras adicadas á preparación de obras de teatro, etc. Non botará de menos tanto tempo adicado aos alumnos?

Claro que recordarei tanto tempo vivido en contacto cos nenos/as. Sería necia se dixera que todo ía pasar ao libro do olvido. ¡Cantas horas adicadas as actividades extraescolares!. O meu non era o teatro, esa parcela era de Feli e Conchita, verdadeiras expertas. O meu era a danza galega. Bailaban dende párvulos ata oitavo e xunto cos gaiteiros de Paco facíamos un bo equipo. Agora recoñezo o sacrificio daqueles rapaces adicando os recreos do mediodía a ensaiar, pero creo que o facían con gusto.



- Podería facernos un rápido percorrido pola súa vida profesional, é dicir, polos lugares onde desenrolou a súa actividade docente?

Os dous primeiros anos estiven na escola de Vilouta, en Becerreá. Moi bos recordos, aínda agora vou unha ou dúas veces ao ano visitalos. Os catro anos seguintes paseinos nun pobo da Fonsagrada, Villalba da Trapa. Alí foi onde vivín a realidade dunha maestra rural, naquela época, claro. Moi boa xente, pero sen luz, sen auga, sen ... nada. Parece que estou a falar da prehistoria, ¿verdade?. ¡Hai que vivilo para creelo!. Dalí viñen para Trebolle, no Páramo. Aquí cambiou a miña vida, saquei o carnet de conducir, comprei coche e xa vivín en Lugo. Pronto nos concentraron aquí e aquí sigo.

- **Xa pensando no moito tempo que lle vai quedar libre agora, que proxectos ten para encher ese baleiro que vai deixar a docencia?**

Este paso que dou non significa máis que un cambio de actividade. Teño moitas cousas na cabeza, terei que marcar prioridades e, sobre todo, adicarlle máis tempo a aquelas que máis beneficien a miña saúde física e mental. ¡Que Dios me dé saúde e logo eu xa dispoñerei...!


- **Canto tempo leva neste colexio?**

Moito tempo. Fai anos, non moitos, uns nenos de 5º Curso estaban facendo descripcións de persoas e decidiron describirme a mín. Un rapaciño preguntoume pola idade. Non fai falla que a poñades -respondín- só poñedes que son moi velliña... moi velliña. O alumno, todo decidido, dixo: "Es Oh, xa lle deches clases ao meu pai". Eso resume os anos que levo aquí.

- **Garda un bó recordo del?**

Levaríame moito relatar os bos momentos vividos neste colexio. Se algunha vez os alumnos me viron enfadada, sería con aqueles que non eran todo o responsables que eu quería. Pero, como persoas, todos eran bos e de todos gardo un grato recordo. E eso é o que conta ... E logo, os compañeiros. ¡Menudo equipo formamos! sempre fomos unha gran familia. Gustaríame que, agora que me vou, seguiran contando comigo como compañeira pero, sobre todo, como AMIGA.

- **A nós só nos queda desexarlle a Dona Paz moitos anos de saúde, disfrutando do seu merecido descanso, e non sen certa pena decirlle.**



¡Ata sempre, dona Paz!

Costaranos acostumarnos a non vela acotío entre nós.






Fernando Alonso

Nacemento: 29-7-81. OVIEDO (ASTURIAS)

Residencia: OXFORD (INGLATERRA). Sempre que ten un pouco de tempo desprázase ao seu Oviedo natal.

Afeccións: É un apaixonado dos deportes. Á hora de practicar prefire o ciclismo, o tenis ou a natación. Nos seus intres libres gústalle gozar do cine e dedicar algún que outro intre á lectura.



Aos seus 20 anos, Fernando ten unha madurez superior. O feito de estar competindo desde moi pequeno, co que iso leva a nivel de viaxes, relacións e experiencias, fíxolle ser unha persoa responsable.

Fernando sabe moi ben o que quere (ser o número 1 do automobilismo), e dirixe todos os seus esforzos a iso.

Unha persoa moi tímida. Pero cando un se achega un pouco máis a el, a súa desenvolutura impresiona. Gústalle gastar bromas e pasar bos intres sempre co sorriso na boca. A súa sinxeleza é unha das súas calidades máis prezadas. As máscaras non van con este novc prodixio

INICIOS DA SUA TRAXECTORIA COMO PILOTO

Cando tiña catro anos, xa competía en carreiras locais de karts, modalidade na que se formou como condutor. En karting, Alonso foi campión infantil de Asturias e Galicia (1989); campión cadete de Asturias e do País Vasco (1990); catro veces consecutivas campión de España júnior; campión do mundo, igualmente como júnior, e campión de España e Italia.

En 1999, saltou a Fórmula Nissan e a súa presentación en monoplasas foi inmellorable, obtivo seis vitorias e proclamouse campión de Europa. Ao ano seguinte, pasou a Fórmula 3000, adxudicándose un importante triunfo en Bélxica, no esixente circuíto de Spa. Logo dunha tempada como piloto probador de Renault, escuadra á que pertencía, foi elixido para ser un dos seus dous pilotos oficiais no Campionato do Mundo de Fórmula 1 de 2003, a competición en que se consagrara definitivamente.



NA ÉLITE DE FÓRMULA 1

En 2003, foi primeiro no de Hungría. Ao vencer no circuíto de Hungaroring (Budapest), Alonso, con 22 anos e 26 días, pasou a ser o máis novo campión dunha proba do Mundial de Fórmula 1 (a máis diso ser o primeiro español que o lograba). Conseguiu tal éxito ante rivais da talla do finlandés Raikkonen, o colombiano Montoya ou o alemán Schumacher. Logo deste triunfo, foi oitavo no Gran Premio de Italia. Os 55 puntos sumados ao longo daquel Mundial 2003 outorgáronlle o sexto posto na clasificación final de pilotos.

O Campionato do Mundo de 2004 confirmou a Alonso como un dos mellores pilotos do momento. A súa presenza nos postos de cabeza foi practicamente habitual; conseguiu subir ao podio en catro grandes premios, e con 59 puntos alcanzou o cuarto posto da clasificación final.

CAMPIÓN DO MUNDO

Alonso foi o máis firme candidato para suceder a Schumacher no trono da Fórmula 1. O coche fabricado por Renault, permitiron a Alonso brillar de forma excepcional nos grandes premios desa tempada. O 25 de setembro no circuíto de Interlagos, proclamouse campión do mundo a falta de dúas carreiras. Alonso pasou a presumir tamén de ser o máis novo automobilista da historia en adquirir o título universal de pilotos. O 6 de setembro, foille concedido no seu país o Premio Príncipe de Asturias de Deportes. Nas dúas probas restantes daquel Mundial, Alonso deixou sobrada mostra da súa categoría. Renault adxudicouse, por primeira vez, o Campionato do Mundo de Construtores.

O finalizarse o ano 2005, fíxose público que, a partir de 2007, Alonso converteríase en piloto oficial de McLaren. Nos inicios do Mundial 2006, Alonso e o Renault F1 Team seguiron prodigando os bos resultados que lles conducisen ao bicampeonato en 2005.



*Cristina Díaz Espuey
Gladis Fdez. Vázquez
4º ESO, A*

Dani Pedrosa

Data de nacemento: 29/09/1985

Lugar de nacemento:

Castellar del Vallés - Barcelona- España

Lugar de residencia: Londres - Reino Unido


Peso: 48 Kg.

Altura: 159 cm.

Afición: Ciclismo, supermotard, motocrós, trial, cine, videoxogos

Nacionalidade: Española

Anos como piloto Repsol: 7 (Incluído 2008)



BIOGRAFÍA

A primeira vez que Dani Pedrosa se subiu a unha moto tiña catro anos, ésta, incorporaba rodas laterais de apoio. Con seis anos, Dani xa empezou a correr en minimotos; a súa primeira pocket bike foi a réplica en miniatura dunha Kawasaki de rúa. Corría o ano 1996 cando Pedrosa, tramitou a súa inscrición ao Campionato de España de minimotos. Empezou a correr en circuitos de karts, acompañado sempre polos seus pais e coa moto no maleteiro do coche. Ese ano, Pedrosa quedou sexto na primeira carreira debido a un problema co tubo de escape da súa moto. Tivo mala sorte e contraeu a varicela uns días antes do comezo do campionato de 1997. Debido a ese contratempo, ao final de ano quedou na terceira posición. En 1998 Pedrosa expúxose participar na Copa Aprilia 50 e no Open RACC. Cando estaba a piques de obter a licenza para empezar a correr en bicicleta, a familia decatouse a través dun amigo de que se estaba organizando a Movistar Activa Cup. A principios de 1999 decidiron enviar unha solicitude para facer as probas no circuíto de Jarama. A pesar dos contratempos, pasou as probas de selección e ese ano disputou a Movistar Activa Cup terminando nunha meritoria oitava posición. Dos vinte e cinco pilotos que competiron, só tres pasaron a formar parte do equipo de Alberto Puig,

quen, incluír a Pedrosa entre os elixidos, xunto a Joan Olivé e Raúl Xara. En 2000 tomou parte no Campionato de España integrado no Movistar Junior Team. Foi entón cando Alberto Puig lle informou de que correría no Mundial de Motociclismo de 125cc. Pedrosa, que por aquel entón tiña 14 anos, non daba crédito; o seu soño estíbese facendo realidade. Na primeira carreira, en Suzuka, estaba entre os últimos na grella de saída.

A do 2001 foi unha tempada de aprendizaxe para el, pero aínda así logrou dous podios. En varias ocasións tomou a saída entre os primeiros e, aínda que apenas tiña experiencia, competiu favorablemente. Finalmente foi oitavo no campionato. A súa terceira posición final no Mundial do 2002, foi a confirmación do seu tremendo potencial. Aínda que tivo que conformarse coa terceira posición final, foi considerado como o piloto con maior proxección e máis combativo da categoría. Dani Pedrosa proclamouse Campión de 125cc. en Malaisia, a falta de dúas carreiras para o final. Tan só unha semana despois, sufriu un arrepiente accidente durante os adestramentos do Gran Premio de Australia, no que rompeu os dous nocellos. Tras unha dura recuperación, en 2004 o novo piloto deu o salto a 250cc.

Sorprende desde os primeiros adestramentos da tempada, e o traballo e a dedicación pronto deron o seu froito. Na súa primeira tempada en 250cc. proclamouse Campión do Mundo en Australia, con tan só 19 anos. Ademais das sete vitorias que logrou, foi a gran regularidade da que fixo gala ao longo do ano a que lle fixo valedor do título. Tan só apeouse do podio en tres ocasións.

Dani Pedrosa afrontaba como gran favorito a súa segunda tempada en 250cc. Ao final, 51 puntos foron suficientes para que o pupilo de Alberto Puig fixése co seu terceiro cetro Mundial no circuíto australiano de Phillip Island, dúas carreiras antes do final da tempada 2005.

Palmarés:

- 1997 - 3º Campionato de España minimotos
- 1998 - Campión de España de minimotos
- 1999 - 8º Trofeo Movistar Activa Moza Cup (Honda RS 125)
- 2000 - 4º Campionato de España 125cc. (Honda RS 125)
- 2001 - 8º Campionato do Mundo 125cc. (Honda RS 125)
- 2002 - 3º Campionato do Mundo 125cc. (Honda RS 125)
- 2003 - Campión do Mundo de 125cc. (Honda RS 125)
- 2004 - Campión do Mundo de 250cc. (Honda RSW 250)
- 2005 - Campión do Mundo de 250cc. (Honda RSW 250)
- 2006 - 5º Campionato do Mundo de MotoGP (Honda RC211V)
- 2007 - Subcampión do Mundo (Honda RC211V)

Primeira carreira: 1996 Campionato España Minibikes

Primeiro Gran Premio: 2001 GP Xapón (125cc.)

Primeiro Podio: 2001 GP Comunitat Valenciana (125cc.)

Primeira Vitoria: 2002 GP Holanda (125cc.)

Podios: 57 (17 en 125cc., 24 en 250cc. e 16 en MotoGP)

Vitorias: 26 (8 en 125cc., 14 en 250cc. e 4 en MotoGP)

Total Grandes Premios disputados: 113 (46 en 125cc., 32 en 250cc. e 35 en MotoGP)



Honda RS 125




Honda RSW 250



Honda RS211v

LETRAS GALEGAS 2008

Este ano 2008 o homenaxeado no día das letras galegas é Xosé María Álvarez Blázquez. É un escritor de poesía, narrativa e ensaio nacido en Tui o 5 de febreiro de 1915 e que faleceu en Vigo o 2 de marzo de 1985. Foi tamén arqueólogo, investigador, e editor galeguista.. Ademáis diso foi un dos representantes da poesía neotrobadoresca.



A súa obra abrangue narrativa, poesía e ensaio así como tamén algunha incursión no teatro.

Naceu nunha familia que estaba integrada por varios escritores, entre eles seu avó. O fusilamento do seu pai no ano 1936 marcouno profundamente.


Fundou en 1950 con Luís Viñas Cortegoso a Editorial Monterrey. En 1962 ingresa na Real Academia Galega. Funda no 1964 xunto con dous dos seus irmáns Edicións Castrelos.

- Finalista do premio Nadal en 1945, coa novela *En el pueblo hay caras nuevas*.
- Premio Historia dos Xogos Florais de Vigo (1950).
- Primeiro premio de poesía no Concurso dentro de Fillos de Vigo (1954).
- Premio Pondal de poesía do CEBA (1954).
- Premio Pérez Galdós de novela (1955).
- Premio Biografía da Asociación da Prensa de Vigo (1958).
- Premio Ramón Mourente (1960).
- Premio Valle Inclán nos Xogos Florais Minho-Galaicos (1960).
- Premio de novela López Cuevillas no I Certame Literario do Miño celebrado en Lugo (1960).
- Premio especial Blas Agra sobre a historia do periodismo vigués (1960).
- Premio Álvares García de biografía (1961).
- Premio Josefina de Lema (1961).
- Premio Enrique Lorenzo Docampo (1962).


Isabel
Novo
González
Iago Jacob
Rodríguez




O CONTO DOS BURROS



Habia unha vez dous burros que estaban atados coa mesma corda .




Sempre andaban pelexando pola comida.




A cada lado dos burros habia un montón de palla.
Pero como cada un quería ir para un lado, non daban



chegado á comida. Turraban e turraban pero... nada!





Puxéronse a pensar como ian facer para comer



E ... non foron tan burros!


Foron primeiro á dereita e comeron o montón de palla da dereita.



E logo foron a esquerda e comeron o da esquerda.
Os burros, que eran ben listos, déronse conta de que é millor razonar que turrar.



MICROCONTOS



HABÍA UNHA VEZ un gato que quería estar sempre mergullado na auga, pero non sabía nadar, e un peixe que quería andar pola terra.

Intercambiaron as aletas polas patas pensando que así poderían cumprír o seu desexo, pero cando o gato se mergullou e o peixe saiu da auga morreron afogados.

Iago Fernández
Méndez. 4º ESO B.

O CABALO DE XOÁN



O meu amigo Xoán cumpriu o pasado luns doce anos. Todos lle fixemos grandes agasallos, pero o do seu avó era algo fóra do normal. Viña envolto nun papel moi groso e branco.

Cando Xoán rompeu o envoltorio apareceu un cabalo moi esmirriado.

Disque era o animal máis antigo e fermoso do mundo, porque axudara a gañar a guerra de Troia, fora o primeiro en pisar América e agora descansaba, segundo moitos din, en Santiago.

Pablo Rivera . 4º ESO B


A NOVA VIVENDA

Érase unha vez un home moi sociable e xeneroso que se levaba ben con todos os seus veciños.

Un día empezou a notar unha dor no peito e de alí a un tempo mudou de casa. Estrañouse de que ninguén lle dese a benvida. O novo fogar era frío e pequeno; todo estaba silencioso.

Sen dúbida ningunha estaba morto, e a casa, fría e silenciosa, era unha cova do cemiterio.

Daniel López



Se queres saber a orixe da raia que posúe o número 7 tes que remontarte a tempos bíblicos.

Estando Moisés no monte Sinaí, fóronlle dictados os mandamentos.

Enumerounos á multitude e, cando chegou ó séptimo, anunciou:

“Non desexarás a muller do teu próximo”

Entón tódalas voces berraron: “Tacha o sete, tacha o sete”.

E así foi.

Yolanda Pardo
López. 4º ESO A.

ALGUNHA VEZ TEN QUE SER A PRIMEIRA



Nunca aprendeu a andar en bicicleta nin sacou o carné de conducir porque tiña medo de matarse nun accidente de tráfico. De feito comezou a ter medo a todos os medios de transporte e acabou por rexeitalos evitando calquera vehículo; por iso ía sempre andando a todas partes.

Aínda así, morreu atropelado por unha motocicleta e a súa última viaxe foi ó cemiterio, en coche (fúnebre), por primeira e última vez.

María Armesto Rejo,


4º ESO A

INDECISIÓN



Despois de pensalo detidamente, reducín todas as opcións a dúas: dicirillo ou non llo dicir.

Rebeca Capón Macía. 4º
ESO B.



CONCURSO LITERARIO

No Nadal a Asociación Cultural ARUMES de O CORGO organizou un concurso de poesía e relato: "I CONCURSO LITERARIO. TERRAS DE CHAMOSO".

Este conto de Cristina Pernas Pereiro, Paradela (O Corgo), conseguiu o primeiro premio de relato.

O misterio do agasallo de Nadal

Raqueliña era unha meniña á que lle encantaba escoitar os pequenos contos que a súa nai máis a súa avoa lle narraban pola noite para que soñara cos anxiños.

Cando chegou a época do Nadal, como Raquel era aínda moi pequechiña, Carmiña, a súa nai; decidiu escribirlle ela mesma a carta aos "Reis Magos". Como sabía que á súa filla lle gustaban moito os contos, decantouse por estes.

Pouco antes do día de Reis, Uxía, a avoa, e Carmiña déronlle a catta ao seu amigo Xurxo; o carteiro do concello do Corgo, ondee las vivían.

Xurxo foi cara á súa "Cova Segrega". Ninguén o sabía, pero os "Reis Magos" sempre tiveran centos de trasnos, ¡máis ben miles! Que viaxaban por todos os concellos do mundo para recoller as cartas que os nenos escribían para despois levarllas aos Reis.

Pero os trasnos: eran trasnos!, ou sexa, que eran moi revoltosos e algún que outro aproveitaba para facer algunha trasnada no transcurso do seu traballo.

Cando Xurxo chegou ata a súa "Cova Segrega" os trasnos estaban comendo as lambetadas que o carteiro tiña reservadas para cando se portaban ben. Pero non se parou a rifarlles, traía tres cartas máis e o importante agora era entregarllas.

Unha das cartas era de Pepino, o neno mías "pedichón" do concello: ¡a súa carta medía dous metros!. Outra era de Rosaliña, unha nena que viña pasar as vacacións á casa dos seus avós do Corgo, e a última xa sabedes de quen era; de Raqueliña.

Xurxo deulle a carta de Pepino a Fortachón, o trasno con máis forza de todos: claro, non lle ía dar aquela carta tan grande ao trasno máis "debilucho".

A carta de Rosaliña foi parar ás mans de Timitín, un trasno vergoñoso e a de Raquel; a Trasniño, o máis revoltoso de todos.

Cando Trasniño tivo a carta abriuna, e despois de lela dixo:


- Bah!, contos e máis contos: ¡non me gustan nadiña de nada! ¡Haiche que ser ben burrito para pedir tales cousas ós Reis!

Trasniño érase un trasno moi revello: ¡con ideas de bombeiro!. Era regordecho: ¡pasábase o día vendo a "tele" e xogando ós videoxogos; non comía nada máis que lambonadas e non facía exercicio algún!. E claro, como xa vos decatariades os libros non lle facían pizquiña de graza. Por este mesmo motivo decidiu converter as cartas dos nenos que pedían contos aos reis en anacos; para que así os libros deixaran de editarse. A primeira carta que rompeu foi a de Raqueliña.

Máis tarde Zurzo, o carteiro, chegou cun montón de cartas.

Pola tarde, case noite, cando o sol se empezaba a poñer e os trasnos xa remataran a súa xornada de traballo; Xurxo atopou nun recuncho no medio dunhas rochas da cova, moitos pedacitos de papel. O carteiro mivido pola curiosidade, decidiu averiguar que era o que estaba acontecendo. E pouco tardou en decatarse do que ocorría.

Algún dos trasnos romperá todas as cartas nas que se pedían contos. Iso non podía ser, os desexos dos nenos tiñan que facerse realidade. El mesmo se tería que encargar de que as cartas chegaran ós Reis. Para viaxar ao mundo máxico destes, tiña que utilizar o "Trasnotransportador" un automovilito no que só viaxaban os trasnos: ¡nun aparello tan pequeno non cabía unha persoa coma o carteiro Xurxo! Por iso, ó saber que alí tan só cabía un trasno, unha persá duns 50 cm.; decidiu ir a buscar a Raqueliña, a única que cumpría estas condicións e que etaba implicada no caso.



Xurxo foi a buscala na súa bicicleta (respectaba moito o medio ambiente) ata a súa casa. Cando chegou, contoulle á nai e á avoa da meniña o que acontecera e pediulles permiso para levala onda el.

A nai e a avoa aceptaron encantadas: ¡que orgullo era para elas que a súa filla e neta salvase os contos do Nadal!

Despois de coller á meniña nos brazos do cartiro, os dous marcharon cara a “Cova Segrega”.

Cando xa estaban alí, Xurxo explicoulle a Raqueliña o que tiña que facer, acomodouna naquel pequeno aparello e deulle unha carta na que lle contaba aos reis o que acontecera. Cando xa estaba todo preparado o carteiro deulle ó “ON” (comezar). Aqueleartilugio empezou a tembrar e a moverse un chisquiño cara a dereita e outro cara a esquerda repetidas veces ata que o Trasnotransportador comezou ¡a voar!. Raqueliña tiña un sorriso de pícara... ¡iso de voar non se facía todos os días! Despois de tres días voando (pero se contamos polo reloxo do mundo máxico, xa que se contamos polo do mundo real , serían tan só cinco minutos), a pequena adentrouse no mundo máxico. Todo estaba cheo de cores e Leticia. Pasou primeiro polo “país” das meigas e princesas, logo polo de dragóns e demais seres fantásticos, despois polo de fadas e “Gnomos” [...], ata cegar ó dos personaxes de Nadal e as súas fábricas de xoguetes e outras cousas...

Como o Trasnotranspotador era un aparello de tecnoloxía bastante intelixente, parou cando cegaron ó seu destino. Cando os Reis se decataron de presenza da meniña, preguntáronlle que facía alí:

- ¿Qué fas aquí pequechiña?, ¿deuche algún dos trasnos o seu automóvil?- dixo o rei Baltasar.

A meniña respondeulle cun movemento de cabeza lado a lado e entregoulle a carta ós Reis. Cando estes a abriron leron:

Queridos Reis:

Bos días, son Xurxo, o carteiro do Corgo. Hoxe pola tarde atopeime uns anacos de cartas que escribieran algúns nenos. Cando me acheguei ata eles descubrín que todas tiñan un mesmo agasallo que pedirvos: contos. Non podo acusar a ninguén deste feito, pero o que si teño é algún sospeitoso. O problema non é tan só que os donos das cartas se queden sen os seus contos, senón que diesen de ler e de escribir e que os nenos do futuro non podan adquirir estes coñecementos.

Ademáis a min tamén me afecta, xa que se ninguén sabe ler nin escribir, non haberá máis cartas e eu atoparíame sen traballo.

Espero que poidan facer algo ó respecto.

Un saúdo


Xurxo

- Moi ben meniña, agora a túa misión e esta [...].

Os Reis contáronlle un plan a Raqueliña e cando estivo de volta na cova, deulle a notiña que escribieran os Reis ao carteiro.

Ó día seguinte, cando os trasnos volvían á súa xornada do traballo, Xurxo rifoulle a Trasniño pola súa trasnada e fíxolle ler (tal e como lle ordenaran os Reis na notiña) un libro de bastantes páxinas.

Ésta historia tivo un final feliz, todos aqueles nenos que pediron contos de agasallo puideron disfrutalos, ¿e a que non sabedes que?; Trasniño deixou de carón á tele e á “videoconsola” para facerlle un gran oco nos seus caixóns ós seus libros: ¡agora ler era a súa actividade favorita!.



Isabel Rodríguez Say, Cendoi (Páramo), tamén acadou o primeiro premio no apartado de poesía co seguinte traballo:

A MEU AMIGO

A lúa estaba mirando
para o sol escondido,
por entre os altos cumes
e as escuras nubes.

O vento cantaba
pola madrugada.
O vento bailaba,
por toda a fraga.

As árbores asubiaban
co pasar do vento,
os paxariños cantaban,
e non gardaban silencio.

levo catro días
pendando no outono,
para poder asubiar
no porta do trono.

O trono ía espertar
un encontro moi esperado,
un desexo moi agardado
que me faría vibrar.

Cantas veces soñaba
nas tardes de verán,
que saíría a bailar
co meu amigo “o charlatán”.

O meu amigo charlatán
contaba cousas sen parar,
e non sentía ningún ton
no seu pequeno cabezón.

Parecíame estar a mirar
as nubes na noite de San Xoán,
cando o meu charlatán
bailaba sen parar.

A lúa xa non miraba,
o sol xa marchaba,
co meu amigo “o charlatán”
bailando o tan, tan, tan.




DEBUXOS



<p>sem roupa e sem roupa</p>	<p>sem roupa e sem roupa</p>	<p>sem roupa e sem roupa</p>	<p>sem roupa e sem roupa</p>
<p>sem roupa e sem roupa</p>	<p>sem roupa e sem roupa</p>	<p>sem roupa e sem roupa</p>	<p>sem roupa e sem roupa</p>





HANOS DIEGO



ANGELA HANOS



LUIS HANOS



LAURA HANOS



MARIA HANOS



NOA HANOS




ANA HANOS



DAVID HANOS





Vanesa Fernández Mon



Isabel Rodríguez Gay
Técnica: Collage



Rebeca Capón Macía



Pablo Rivera López

MUSICA



MÄGO DE OZ

CANCIÓNS MÁIS ESCOITADAS

Molinos de Viento
Fiesta Pagana
Gaia
La Costa del Silencio
La Rosa de los Vientos
La Venganza de Gaia



Mägo de Oz orixinouse en 1988 cando Txus dei Fellatio, xunto con Juanma e Pedro, deciden formar unha banda de rock á que chamaron "Transilvania" en honra dos seus ídolos, o grupo inglés Iron Maiden; pouco despois cambian o seu nome por *Mägo de Oz*. A súa música estaba aberta a unha grande cantidade de estilos e influencias, pero todo o seu potencial musical baseábase no folk metal e a música celta.

Adrián Rodríguez Hermida 2º B
Alejandro Urrea Camacho 2º B

MELENDI



O seu nome real é Ramón Melendi Espina e naceu o 21 de xaneiro de 1979 en Oviedo (Asturias). Foi á clase co piloto de Fórmula 1, Fernando Alonso, ao que lle dedicou varias cancións. Moi pronto deuse conta que el non estaba feito para estudar e que se lle daba ben o fútbol.

Xogou nas categorías inferiores do club Astur, filial por aquel entón do Real Oviedo. Despois traballou en numerosos bares como camareiro e moviase no mundo da noite. En 2001 uniuse a un grupo chamado El Bosque de Sherwood e pouco despois gravou unha maqueta que contiña unicamente tres cancións: Sin Noticias de Holanda, El informe del Forense e Vuelve a traficar.

En 2002 deixa El bosque de Sherwood, e nese mesmo ano asina o seu primeiro contrato. En 2003 lanza unha nova edición para coleccionistas que inclúe dúas cancións novas: Asturias e Moratala e dous vídeos gravados polo cantante: Mi rumbita por tus pies e Desde mi ventana. En 2004 elíxese unha das súas cancións (Sin Noticias de Holanda) como sintonía oficial da volta ciclista a España.

En abril de 2005 sae o seu segundo traballo discográfico: Que el cielo me espere sentado do que é autor de letra e música. A súa temática segue sendo irónica. Hai rumbas, pop e rock.



GRUPO: Mago de oz.

CANCIÓN: Gaia



Hai veces que non sei,
se exprimir o sol para sentir calor
E dubido que ao nacer, chegara a crer
Que hoxe fora morrer
Intento comprender,
O porqué desta decisión
Se eu xamais odiei,
Inténtome aferrar ao valor,
Pero non sei finxir
Só quero vivir.
Onde se vende algo de compaixón?
Para saciar a miña soidade
Onde trafican con soños de amor?
Pois quero esta angustia durmir.
Recordo o día en que a miña liberdade
Non tiña prezo nin fin
En cambio hoxe daba ata a eternidade
Por ver mañá o sol saír.
Vingareime e todo o mal que me fagas
Devolvereicho
O home que nunca foi dono de Gaia
É xustamente ao revés
Oio uns pasos, crébase a miña voz
Sei que veñen por min
E un sacerdote no nome de Deus
Pregunta: Queres confesión?
Confeso que ameí e crín en Deus
Dos pobres, xusto e moral
Confeso que na cadeira
Onde hei de morrer
A miña alma renacerá
Toda a miña vida desfila ante min,
Tantos soños por cumprir
Non teñas medo, non chores por min,
Sempre estarei xunto a ti.
Oio os rezos, intento berrar,
Cóbrenme para non mirar
Aos ollos dunha cruel humanidade,
A morte excítase, é a fin.

A COSTA DO SILENCIO

O mar cuspiá un lamento
tan tenue que
Era unha dor de tan adentro
que toda a costa morreu.

Chora lamentos a nube que enfermou
e escribe espantos na area a dor.
Arrola o medo un golfiño que bebeu
dunha auga negra, a súa sorte emigrou.

Ven, quero oír a túa voz,
e, se aínda nos queda amor,
impidamos que isto morra.

Ven, pois no teu interior
está a solución,
de salvar o mellor que queda.

Onde se acomoda a usura
nacen a ambición e o poder,
e este xermola na terra,
que agoniza por interese.

E unha gaviota contan que decidiu
en acto suicida inmolarse no sol.
Ri desprezos un barco que varou,
e desángrase no seu leite: O MAR!

Fagamos unha revolución,
que o noso líder sexa o sol,
e o noso exército sexan bolboretas.

Por bandeira outro amencer
e por conquista comprender
que hai que cambiar
as espadas por rosas.

Mentres che queden folgos
vai buscar co vento
axuda, pois non queda tempo.



O OITAVO DÍA

FICHA: O oitavo día, título orixinal *Le huitième jour*, película belga de 1996. Comedia dramática de sabor amargo. Guión e dirección de **Jaco van Dormael**. Con **Daniel Auteuil** (Harry) e **Pascal Duquenne** (Georges) como actores principais. A banda sonora é de Pierre van Dormael, irmán de Jaco, e inclúe un emotivo tema de **Luis Mariano**, o cantante preferido de **Georges**. (Alba Rodriguez)

PREMIOS: Nominada á **Palma de Ouro** ó mellor filme do **Festival de Cannes** en 1996. **Pascal Duquenne** e **Daniel Auteuil** gañaron o premio á **mellor interpretación masculina ex-aequo**. Tamén estivo nominada para os premios **César** (os "Goya" franceses) e os **Globos de Ouro**.

SINOPSE: **Harry** é un executivo en crise existencial que, entregado por enteiro ó seu traballo, termina sacrificando a súa vida familiar ó éxito profesional. Todo vai cambiar cando o seu destino se cruza con **Georges**, un xove con síndrome de Down, fuxido do internado á procura dun soño. Despois dunha serie de divertidos episodios, que confrontan dous modos diferentes de concebir a vida, nace entre eles unha grande amizade que terminará por rescatar a Harry do seu pozo particular. Pero Georges comprende axiña que ocupa demasiado sitio na vida de Harry. Nada volverá a ser como antes...

CRÍTICA: O oitavo día, ese que non figura en ningún calendario, que nunca termina e no que todo recomeza, é un extraordinario filme sobre o sentido da vida, a diferenza e importancia das cousas pequenas. O *oitavo día* non é só unha película que ten como protagonista unha persoa con síndrome de Down, va máis alá, tan alá como o amor e a nosa imperiosa necesidade del. **Georges** é máis ca un símbolo, é o "outro" mundo que menosprezamos e descoñecemos; e está a carón de nós, tendéndonos a man, enriquecéndonos e sacando do noso interior o mellor de nós mesmos.


Neste filme, que se move na tradición de *Rain Man*, *Forrest Gum* ou *Matar un reiñeñor*, o actor **Daniel Auteuil (Harry)** interpretou o seu rol coa naturalidade propia da vida real, ante un imprevisible **Georges**, ante a necesidade do "outro" que desbarata todo o preconcebido.

Auteuil actúa ó ritmo da espontaneidade de **Georges**, libre, reaccionando con extrema flexibilidade ao inesperado; de modo que se establece un equilibrio, unha harmonía, un diálogo permanente, entre o executivo de vendas e **Georges**, formando unha unidade como as dúas caras dunha mesma moeda.

Finalmente é **Georges** quen salva a Harry, reconstruíndo ata certo punto a súa personalidade xa que, o que aínda queda nel de vello executivo de vendas, incapacítalo para axudar a **Georges**. Dende un punto de vista máis transcendente poderíamos afirmar que **Georges** sobrevive na nova vida de **Harry**. (Tamara Salgado, Nuria López)



O OSO



FICHA: Título orixinal: **L'Ours**, 1988, Francia-EE.UU. Dirixida por **Jean-Jacques Annaud**. Intérpretes **Tchéky Karyo, Jack Wallance, André Lacombe**.

O realizador, **Jean-Jacques Annaud** é un consagrado director e guionista francés nacido en 1941, que conta na súa filmografía películas como **En busca do lume** (1981), desenvolvida en tempos prehistóricos, **O nome da rosa**(1886), ou **Sete anos no Tíbet** (1997), entre outras.

RODAXE: : Unha preparación e unha rodaxe que durou 7 anos cun presuposto colosal. O Oso é unha soberbio filme con suspense, emoción, tenrura e humor; ademais de imaxes dunha beleza lírica que resultan un espectáculo para todos.



SINOPSE: A historia dun osiño que queda sen nai. Recólleo un oso adulto que o protexerá e o cuidará dos perigos do bosque e das súas ameazas. De todas as ameazas, a peor é o home, neste caso, os implacables cazadores. Pronto aparecerán dous deles, que manterán unha loita singular co gran oso pardo; sobre todo **Tom**, que toma a súa captura como unha cuestión persoal.

CRÍTICA: Despois de ver a película pensamos que está incrivelmente rodada. O director logrou impresionar ao espectador, conseguindo transformar os osos, filmados no seu medio natural, en auténticos actores-protagonistas da súa historia. Trátase dunha aventura de caza e persecución chea de beleza e emotividade. A pesar de que é algo violenta, achégase moito á realidade e ensina ao espectador como é a vida dos osos. (**Sonia Arrojo e Alba Salvador**).

Este filme está rodado como se fose un documental, pero conta a vida e os cambios que experimenta a existencia dun osiño cando queda sen nai. Afortunadamente el consegue escapar e loita por sobrevivir como sexa, buscando sempre o apoio dos seus . Finalmente encóntrase cun enorme oso que o protexerá. (**Manuel Porto**).

Non é un documental sobre a vida animal, tampouco é unha película de animais que falan. **Jean Jacques Annaud**, cun toque especial de poético realismo, fainos formar parte da vida dun oso. As únicas palabras que oiremos son as dos humanos que se cruzan na súa vida. Pero o protagonista real é o oso e o seu contorno. Narra unha historia, polo que escapa do xénero documental (**Virginia Vázquez**)

Esta película de **Jean-Jacques Annaud** amósanos a loita dun cazador e un oso que trata de sobrevivir nunha natureza salvaxe contra a irracionalidade dun cazador empeñado en dar caza a un animal fero que só quere sobrevivir na montaña. As imaxes foron rodadas en condicións reais, en plena natureza. (**Vanesa Valcárcel**)


É unha película emocionante de principio a fin, capaz de espertar o mellor de nós mesmos, e o peor, segundo se mire... (**José Manuel Santacruz**)

O filme, baseado nunha novela escrita por **James Oliver Curwood**, participa por momentos das características dun documental e, asemade, dun filme de aventuras. Esta cinta introdúcenos na vida dos osos e fainos revivir unha extraordinaria novela de aventuras. (**Nerea Fernández e Sara Cela**)

Dunha realización impecable, realismo impactante e impresionantes paisaxes de alta montaña, o filme é, en resumo, un choque entre os valores dos seres humanos e dos animais. Para nós saen gañando estes que, como na vida real, ensinannos a ser mellores. (**Luís Herrero**)



AMÉLIE



FICHA: FICHA: Título orixinal: **Le fabuleux destin d'Amélie Poulain**, "O fabuloso destino de Amélie Poulain". Película franco-alemá. Comedia romántica, escrita por **Guillaume Laurant** e **Jean-Pierre Jeunet**, estreada en 2001. O lema da película: "*Elle va te changer la vie...*" "*Ela vai cambiarche a vida...*" Banda sonora **Yann Tiersen**. **Audrey Tautou** é a protagonista da cinta no papel de **Amélie**. Esta intérprete francesa acadou grande fama e notoriedade a raíz deste papel, que lle valeu multitude de premios e recoñecementos.

PREMIOS: Unha das películas francesas máis taquilleras de tódolos tempos (máis de 30 millóns de espectadores no mundo), Amélie marcou un fenómeno moi pouco usual: desbancar ás sempre taquilleiras películas americanas e lograr una gran repercusión fóra do seu país, O filme recibiu numerosos galardóns nacionais e internacionais e acadou sona mundial. Cinco nominacións a **Oscar**. Gañadora, entre outros, do Premio **César**, e do **Premio Goya** á mellor película europea 2002..

SINOPSE: Amélie non é unha rapaza como as demais. Viu desaparecer o seu peixe de cores, a súa nai morrer na praza de Notre-Dame e o seu pai adicar todo o seu afecto a un gnomo de xardín. Creceu e converteuse en camareira nun bar de Montmartre. A vida de Amélie é sinxela: gústalle tirar pedras ó Sena, observar a xente e deixar voar a imaxinación. De repente, ós vintedous anos, Amélie descobre o seu obxectivo na vida: arranxar a vida dos demais. Inventa toda clase de estratexias para intervir, sen que se decaten, na existencia de varias persoas do seu contorno. Entre elas está a súa porteira; Georgette, a estankeira hipocondríaca; o "home de cristal", un veciño que só ve o mundo a través da reprodución dun cadro de Renoir. (**Alfonso Martínez**)

BANDA SONORA:


Yann Tiersen desenvolve toda a súa sensibilidade nesta fantástica banda sonora. O autor soubo adaptarse ao director para conferir á obra a “cor” especial que posúen todas as obras de **Jean-Pierre Jeunet**.

A elección de **Yann Tiersen** foi acertada, combinando piano e acordeón conseguiu introducirnos nese ambiente tan singular que se respira nos melancólicos barrios parisiños de **Le fabuleux destin d'Amélie Poulain**.

Especial atención merecen as pezas, **Le vals de Amélie**, motivo principal da banda sonora; **Le banquet**, composición cíclica de acordeón y **Le Moulin**, o tema máis delicado.

A orixinalidade da obra é indubidable e manifesta certas influencias de **Nyman** nas composicións de piano e de **Glass** nas de acordeón.

Outras obras de **Yann Tiersen**: **Rue des cascades** e **Le Phare**.
(Juan José Cela)




CRÍTICA: Pareceunos unha película moi especial e diferente ás demais. **Amélie** é unha persoa rara e soñadora que decidiu non poñerse límites. Ela vive encerrada no seu mundo cheo de soños. Nun momento dado decide intervir na vida dos outros e tratar de resolver os problemas das persoas que a rodean, pero resístese a buscar a súa propia felicidade... (**Vanessa Toirán e Tania López**)



Taxi é unha saga cinematográfica cun enorme éxito en Francia. Pertence ó intranscendente xénero de comedia policíaca de coches e persecución, chea de divertidas alusións aos tópicos nacionais franceses. Producida e escrita por **Luc Besson**, un dos seus puntos fortes é a banda sonora orixinal da película, que neste caso está composta por grupos de **HIP HOP** de primeira fila da escena francesa...

TAXI 1

En **Marsella**, **Daniel** deixa o seu emprego de pizzeiro para converterse en taxista. Pero o seu gusto pola velocidade pronto lle creará problemas coa policía, que, pola súa parte, tamén ten problemas cunha banda especializada en atracos a bancos.



BANDA SONORA:

Destaca a excelente banda sonora de **TAXI**, obra de **IAM**. **IAM** é un grupo de rap francés, orixinario de **Marsella**. En 1988 rexistran o seu mítico "**Concept**". En 1991, sae o seu primeiro álbum: **... de la planète Mars** en 1991 que lanza a súa carreira. En 1993, con "**Ombre est lumière**" incrementan aínda máis a súa popularidade, gracias sobre todo á canción « **Je danse le mia** » que recupera algunhas expresións marselesas, e que se converte nun enorme éxito, acadando a primeira posición do **Top 50**. **IAM** deféndese de querer facer un título comercial e promete que non repetirá con un **Mia2**.



A partir de 1995, os membros do grupo lánzanse en proxectos en solitario. Encóntranse en 1997 para rexistrar un dobre álbum **L'école du micro d'argent**; despois, novamente, os membros reanudan a súa independencia e navegan cara ós seus propios proxectos. Pasan seis longos anos ata que, en 2003, se reencontra o grupo e saca o seu 4º álbum. **Revoir un printemps** presenta sonoridades diferentes que piden prestadas a distintas culturas, sons e melodías, con textos que denuncian as inxustizas deste mundo. "**Saison 5**", quinto álbum do grupo, de principio de 2007, non ten nada que envexar ás producións americanas e **IAM** reina sobre o trono do rap francés. (Laura Rodríguez e Manuel Porto)

Para máis información sobre **IAM**: www.iam.tm.fr

TAXI 2


Seguindo o exitoso ronsel da súa predecesora, esta nova cinta cun guión do afamado director e guionista **Luc Besson** conta cunha nova historia policiaca de trepidantes persecucións de coches. O embaixador xaponés en **Francia**, que se encontraba na cidade de **Marsella** para o estudio das tácticas anti-gangsters, é secuestrado por un grupo de criminais dirixido por **yakuzas**. Así pois, outra vez **Daniel** (**Samy Naceri**), o virtuoso condutor de taxi, será reclutado pola policía para a misión de capturar os criminais e rescatar o embaixador coa axuda da súa inigualable velocidade ó volante. (José Manuel Santacruz)

TAXI 3

Estamos en decembro en **Marsella**. **Daniel** instala opcións no seu taxi e **Lilly** enfádase. O comisario déixase cegar pola súa becariá xaponesa e a súa investigación estáncase. **Emilien** ve a **Papa Noel** por todas partes e **Petra** está perdendo a paciencia. De Marsella a Tignes, de La Cannebière (paseo marítimo do porto de Marsella) as pistas de esquí alpinas, a aventura segue...

Todas as pezas da **banda sonora orixinal** están concebidas especialmente para o filme, e cada grupo musical esforzouse en confeccionar o mellor tema. O resultado é unha colección de exitos en serie... (Luis Herrero)





DITOS POPULARES

TEÑO UNHA CASA BEN FEITA

Teño unha casa ben feita
teño unha casa pequena;
ténboa no medio da noite
no medio da carballeira.



Francisco 1º

O CARRO CANTA

Se queres que o carro cante
móllalle o eixe no río,
e despois de ben mollado
canta coma un asubío.



Ama M. Cobas 1º



NENIÑO QUE TANTO SABES

Neniño que tanto sabes
e que tes tanto saber,
¿cantas unllas ten un gato
acabado de nacer?

- Esa pregunta, señora,
ben lla podo responder,
cinco unllas nuntra pata,
vinte nos cateso ha de ter

Ana I. e Raúl 1º



ESPANTALLO ENVELLECIDO

Espantallo envellecido
pola choiva, polo vento,
dálles calor aos paxaros
que aterecen no inverno.

Desiré 1º



REMENDA O REFAIXO

Anda, Maruxiña,
remenda o refaixo,
que a tes rachado
por riba e por baixo,
por riba e por baixo,
por todo o arredor.

Anda, Maruxiña,
reméndao mellor.



Nerea e Alberto 1º

DEBAIXO DA CAMA

Unha vella tira un can,
debaixo da cama onde ela durmía,
cando a vella despertaba
o can ladraba e a vella decía:
¡Mal eraio te parta, ouh can,
que pouco agradeces o ben que che fan!

Raquel e Kevin 1º

PARATE A PENSAR



•A vida só pode ser comprendida mirando hacia atrás, pero só pode ser vivida mirando para adelante (Soren Kierkegaard)

•Para qué repetir os erros antigos habendo tantos erros novos que cometer? (Bertrand Russel)

•Daría todo o que sei pola metade do que ignoro (Descartes)


•Moitas persoas perden as pequenas alegrías, esperando a gran felicidade (Pearl S.Buck)

•O amor é a mellor música na partitura da vida. Sen él serás un eterno desafinado no inmenso coro da humanidade (Roque Scneider)

•Cando vexas a un home bo trata de imitalo; cando vexas a un home malo examínate a ti mesmo (Confucio)



•Fixen un acordo de coexistencia pacífica co tempo: nin él me persegue nin eu escapo del, un día atoparémonos




•A veces sentimos que o que facemos é como unha gota de mar, pero o mar sería menos se lle faltase esa gota.

•Se poidese volver á xuventude, cometería todos aqueles erros de novo, pero máis cedo.
(Tullulah Bankhead)

•Quen non comprende unha mirada, tampouco comprenderá unha longa explicación (Proverbio chino)

•A verdadeira sabiduría está en recoñecer a propia ignorancia
(Sócrates)

•Non se pode ensinar nada a un home; só se lle pode axudar a atopar a resposta dentro de sí mesmo
(Galileo Galilei)



*Cando a vida che presente razóns para chorar, demóstralle que tes mil e unha

CHISTES



Nun barco viaxa un español e un inglés. O inglés cae a auga e grita:

- ¡HELP! ¡HELP! ¡HELP!

Entón dice o español:

Gel non teño, pero se queres shampoo.

A ver, fillo ¿canto é 4 por 4?

Empate

¿E canto é 2 por 1?

Oferta

Do you speak English?

¿Cómo dice vostede?

Do you speak English?

¡NON o entendo!


Preguntoulle se fala vostede o inglés.

¡AH sí, perfectamente!

Di un cego: ¡Vexo sombras!

Di un sordo: ¡Escoito pasos!

Di un coxo: ¡ Señá quen seña, amarrámolo a patadas!



Doutor, doutor, cando estaba solteira tiven que abortar seis veces, pero agora que estou casada non consigo quedarme embarazada.
- Evidentemente, vostede non se reproduce en cautividade.

ADIVIÑAS

Branco son como a neve,
sácanme dunha cana
e anque son doutro mundo,
agora xa nazo en España .
-(azucres)-

Cen amigos teño,
todos nunha táboa, se eu
non os toco,
eles non me falan .
-(o piano)-

Con tan só catro cordas,
que un arco pon en acción,
esta caixa melodiosa
alegrarache o corazón .
-(o violín)-

Todas a palabras sei
e aínda que as explico todas
nunca as pronunciei .
-(o dicionario)-

Teño follas sen ser arbol ,
fáloche sen ter voz ,
se me abres non me queixo
adiviña quen son ?
-(o libro)-

Son máis dun ,
sen chegar a tres
e chego a catro
cando dous me des .
Sabes xa que número
son ?
-(o nº dous)-

Xuntos en novelo,
dormen os mellizos;
cando se seperan
estirados andan .
-(os calcetíns)-

Que parentesco terás
coa filla dunha dama
que está casada co teu
pai ?
-(é tua irmá)-

É redonda,
é de goma,
de madeira ou de metal
e sae a dar unha volta
cunha amiga igual .
-(a roda)-



Cunha mangureira ,
casco e escaleira
apago os lumes e
as fogueiras .
-(bombeiro)-

Almacén de historias rotas
din moitos que eu son
e en colexios e oficinas
polos recunchos estou ...
vapeleira-)

A miña nai é tartexa ,
o meu pai é cantaor ,
teño branco o meu vestido
e amarelo o corazón

As estacións do ano
e tamén os elementos;
e os puntos cardinais
e o número que represento
-(o nº catro)-

Find the secret word



The secret word is _____

Alba Amado, Tania Fdez, Nerea, Maria López, Alba García
4º Primaria.

A	O	P	X	O	A	N	I	Ñ	A
Ñ	N	L	P	M	A	B	C	D	M
L	G	A	M	A	C	H	N	O	A
G	H	D	C	T	P	O	L	H	K
N	E	U	O	O	L	F	R	G	A
G	O	C	K	P	N	G	K	G	K
L	P	E	M	O	G	D	J	F	O
P	A	C	D	P	L	O	A	A	A
I	S	U	T	I	G	R	E	S	D
R	M	L	M	H	O	P	Y	T	E

**ATOPA OS
10 ANIMAIS**

- 1.-ANACONDA
- 2.-MAKAKO
- 3.-CORVO
- 4.-LEOPARDO
- 5.-HIPOPÓTAMO
- 6.-CURUXA
- 7.-TIGRE
- 8.-SAPO
- 9.-LUCECÚ
- 10.-XOANIÑA


Mª Isabel Novo González. 4º ESO B

Colour.

3^o Primaria



1. red
2. green
3. blue
4. yellow
5. brown
6. white
7. black
8. grey
9. orange
10. pink



Departamento de
Debuxo

"A noite estrelada"


Vincent Van Gogh

As cores frías deste cadro (azuis, violáceos, verdes...) trasmiten sensacións de tranquilidade, paz, misterio e sosego. Os amarelos das estrelas parecen prender lume ao ceo.

Reinterpreta o cadro de Van Gogh utilizando só cores cálidas, amarelos, laranxas, ocre, vermellos, granates e púrpuras. Comproba de qué diferente xeito se sente a obra ao modificar a temperatura dos tons. A gama cálida transmite alegría, vitalidade, forza e paixón.



Departamento de Debuxo



ULTIMA HORA...

VIAJE ^{4^{ESO}}
VALENCIA







*Na pizarra
penduran
as lembranzas.
Debuxa o xiz,
tremendo,
mil nomes*

*(moitos xa esquecidos)
espallando o branco po,
triste néboa do Neira,
a modiño
pola aula deserta.*

*E eu maxino
que nunca te fuches,
que estás aí,
como a eterna néboa
da Pobra,
apreixando os pupitres
baldeiros,
bulindo, rindo,
faladeira, lixeira...*

*Xa non hai lazo
de Isabel la Católica
para as mestras.*

*Sementar no baldío,
desbrozar nas toxeias,
regando, estercando,
sachando a cotío as herbas;
agardando sempre
a temible tronada
que estrague as colleitas.*

*Así, ano tras ano,
teimosa,
sementando a ciencia...*

*Xa non hai lazo
de Isabel la Católica
para as mestras.
E, a pesar de todo,
aínda pensas
que é profesión bendita
a de mestra.*

*Buscarás agora,
desoíndo as sereas,
a patria de Ulises,
como na Odisea.
Namentras, Penélope
o liño espadela,
fia as mazarocas
con fio de estrelas;
e, urdindo as lembranzas,
tece unha estameña.
O Ramón Piñeiro
soplará na vela
para que esa nave
siga a ruta certa,
arribando a Itaca
triunfante e serena.
Que che vaia ben,
que soñes desperta,
que atopes a Paz
na súa mesma esencia.*



CONCELLO DE LÁNCARA
Delegación de Cultura



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



*Maquetación: Sonia González Varela. Departamento de Debuxo
Debuxo portada: Manuel Antonio Lopéz García 4º ESO*